



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

**As consecuencias da
prisionización e a
importancia da acción
socioeducativa.**

Autora: Uxía Botana Iglesias

Titora: María del Carmen Morán de Castro

Grao en Educación Social

Ano 2024

As consecuencias da prisionización e a importancia da acción socioeducativa.

Las consecuencias de la prisionización y la importancia de la acción socioeducativa.

The prisonization consequences and the importance of socio-educational action.

Índice

Introdución	1
Marco Teórico	3
O Sistema Penal Español.....	3
As Persoas Ex-reclusas	6
A Prisionización.....	7
Investigación De Campo	12
Metodoloxía e Proceso.....	12
Resultados	14
Discusión.....	20
Conclusións	29
Referencias bibliográficas	35
Anexo I. Autorización do Comité de Ética.....	40
Anexo II. Guión da Entrevista a Persoas Ex-Reclusas	41
Anexo III. Transcrición entrevista 1.....	42
Anexo IV. Transcrición entrevista 2.	48
Anexo V. Transcrición entrevista 3.	55
Anexo VI. Guión da Entrevista a Educadora Social.	59
Anexo VII. Transcrición entrevista 4.	60
Anexo VIII. Decálogo da Educación Social en prisión.....	64

Resumo

O presente Traballo de Fin de Grao encadrado na modalidade de iniciación á investigación de campo, sitúase no ámbito da mediación, inclusión social e a diversidade da Educación Social. Ten como obxectivo analizar as consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas tanto nos centros penais como na súa reincorporación á vida en liberdade, e valorar as accións socioeducativas que se desenvolven ao respecto. Tamén pretende facer visible a falta de profesionais da Educación Social no cadro de persoal das prisións.

Para o seu desenvolvemento analízanse catro entrevistas a partir dunha metodoloxía cualitativa tendo, como mostra non probabilista, a tres persoas ex-reclusas e a unha educadora social da asociación Aliad Ulteira de Lugo que traballa no ámbito penal como entidade externa.

Os resultados afirman a existencia de consecuencias principalmente a nivel físico, psicolóxico e relacional (diminución dos sentidos corporais, dificultade para conciliar o sono, aumento da agresividade, non exteriorización das emocións e dos sentimentos, masificación das reaccións emocionais...) observándose diferentes opinións concordantes nalgúns aspectos e discrepantes noutros entre ex-reclusos e a profesional da Educación Social. Ademais, amósase unha prevalencia valorativa cara a efectividade da acción socioeducativa realizada polas entidades externas a prisión, quedando nun segundo plano todos os recursos ofrecidos pola propia institución penal.

Palabras chave: prisionización, ex-reclusos, centros penais, acción socioeducativa, Educación Social.

Resumen

El presente Trabajo de Fin de Grado encuadrado en la modalidad de iniciación a la investigación de campo, se sitúa en el ámbito de la mediación, inclusión social y la diversidad de la Educación Social. Tiene como objetivo analizar las consecuencias de la prisionización en las personas ex-reclusas tanto en los centros penitenciarios como en su reincorporación a la vida en libertad, y valorar las acciones socioeducativas que se desarrollan al respecto. También pretende hacer visible la falta de profesionales de la Educación Social en el cuadro de personal de las prisiones.

Para su desarrollo se analizan cuatro entrevistas a partir de una metodología cualitativa teniendo, como muestra no probabilística, a tres personas ex-reclusas y a una educadora social de la asociación Aliad Ultreia de Lugo que trabaja en el ámbito penal como entidad externa.

Los resultados afirman la existencia de consecuencias principalmente a nivel físico, psicológico y relacional (disminución de los sentidos corporales, dificultad para conciliar el sueño, aumento de la agresividad, no exteriorización de las emociones y de los sentimientos, masificación de las reacciones emocionales...) observándose diferentes opiniones concordantes en algunos aspectos y discrepantes en otros entre ex-reclusos y la profesional de la Educación Social. Además, se muestra una prevalencia valorativa hacia la efectividad de la acción socioeducativa realizada por las entidades externas a prisión, quedando en un segundo plano todos los recursos ofrecidos por la propia institución penitenciaria.

Palabras clave: prisionización, ex-reclusos, centros penitenciarios, acción socioeducativa, Educación Social.

Abstract

The present end of degree project, framed in the modality of initiation to field research, is located in the field of mediation, social inclusion and the diversity of Social Education. Its purpose is to analyse the consequences of prisonization on former inmates both in prisons and in their return to life in freedom, and to assess the socio-educational actions developed in this regard. It also aims to highlight the lack of Social Education professionals in prison staff.

For its development, four interviews are analysed based on a qualitative methodology, with three ex-inmates and a social educator from the association Aliad Ultraia in Lugo, which works in the penal field as an external institution.

The results state the existence of consequences mainly at the physical, psychological and relational levels (decreased bodily senses, difficulty falling asleep, increased aggressiveness, no externalization of emotions and feelings, overcrowding of emotional reactions...) with varying opinions observed; concordant in some aspects and divergent in others between ex-prisoners and the Social Education professional. In addition, there is a prevalent positive assessment of the socio-educational action taken by entities outside the prison, with all the resources offered by the penal institution itself placed in the background.

Keywords: prisonization, ex-prisoners, penitentiary centers, socio-educational action, Social Education.

Introdución

A xustiza retributiva actual trata, como indica Márquez (2007), de “retribuir al delincuente con un castigo, es decir, con la pena, en especial la de privación de la libertad” (p. 204). Este tipo de xustiza leva a moitas persoas a prisión, habendo coñecemento dos efectos nocivos da estancia na mesma. Os estudos afirman que os efectos son físicos, somáticos e psicosociais, que se manteñen fóra de prisión, agravados pola pouca concienciación da sociedade. De feito, Jongezoon (2021) asegura que os efectos da privación de liberdade son consecuencia directa dunha sociedade que entende que só pode existir xustiza a través da pena de prisión. A prisionización¹, neste marco, preséntanos unha situación na que as persoas presas se adaptan á subcultura carceraria minimizando, en moitos casos, a reinserción social que teñen por obxecto os centros penais.

Este traballo pretende dar a coñecer as consecuencias da estancia en prisión dende a diferenciación entre aquelas presentes dentro dos centros e as que se manteñen tras a saída en liberdade. Ademais, tamén procura amosar a experiencia das persoas ex-reclusas e o concepto de prisionización, coas súas características e variedades. Os resultados descritivos e a análise de datos do estudo buscan comprender a realidade do colectivo dentro do tópic, así como a perspectiva dunha profesional que traballa no ámbito.

Como futura educadora social, os motivos que me levan ao desenvolvemento deste traballo son diversos. Por unha banda, ao realizar as prácticas nunha asociación que traballa co colectivo de persoas presas podendo coñecer esta realidade, considero que se pode realizar unha mellor intervención dende os centros penais inserindo a Educación Social posibilitando unha atención socioeducativa que axude a minguar estas consecuencias. Por outra banda, coñecer a realidade deste colectivo favorece a mellora das propostas de intervención posterior fóra de prisión.

A nivel legal, a primeira razón da formulación desta investigación é o articulado na Constitución Española (CE) no seu artigo 25.2 no que se establece que “las penas privativas de libertad y las medidas de seguridad estarán orientadas hacia la reeducación y reinserción social”, xa que en múltiples estudos se amosa que esta afirmación se distancia, significativamente, da realidade sendo primordial, polo tanto, a investigación destas consecuencias físicas, somáticas, psicolóxicas e sociais a través da propia palabra das

¹Termo non recollido en tesauros nin dicionarios de referencia. Óptase por empregalo ao estar normalizado o seu uso no marco estudado pola meirande parte das autorías.

persoas ex-reclusas. Asemade, numerosos estudos sobre os efectos da estancia en prisión deixan entrever a necesidade dun cambio de perspectiva que pode vir consensuada entre profesionais e persoas presas.

Dadas as características do traballo e a facilidade de colaboración coa asociación Aliad Ultreia debido á estadía na entidade no período de prácticas, decántome por unha investigación de campo, recompilando datos de fontes primarias que me permitan cumprir o obxectivo principal do meu Traballo de Fin de Grao. Este organismo ten relación estreita co marco desta investigación por tratarse dunha institución que traballa na mellora das condicións de vida de persoas reclusas e ex-reclusas tendo, polo tanto, contacto con elas.

A guía de Educación Social para o Traballo de Fin de Grao expón unha listaxe de ámbitos da profesión. Este estudo insírese dentro do relacionado coa educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade, xa que trata con persoas ex-reclusas, consideradas colectivo en exclusión social.

Os **obxectivos** que se formulan nesta investigación divídense nun xeral e tres específicos. Por un lado, o obxectivo xeral atende ao seguinte:

- Analizar as consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas tanto nos centros penais como na súa reincorporación á vida en liberdade.

Por outro lado, os obxectivos específicos son os que seguen a continuación:

- Conceptuar o termo de prisionización e as características que o definen.
- Identificar a incidencia das consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas analizando a súa opinión e a dunha profesional da Educación Social no ámbito penal.
- Concienciar sobre a necesidade dun enfoque socioeducativo en prisión a través da inclusión de profesionais da Educación Social no cadro de persoal.

O informe divídese en tres grandes bloques: marco teórico, investigación de campo e conclusións, encabezados por unha introdución e facendo peche cos apartados de referencias bibliográficas e anexos. No primeiro deles expónse unha panorámica actual sobre o sistema penal español (organización, principios, perfís e datos estatísticos), as persoas ex-reclusas como colectivo en exclusión social e a prisionización entendida como as consecuencias do proceso de adaptación á subcultura carceraria. En segundo lugar, preséntase a metodoloxía, o proceso e o instrumento, seguidos dos resultados e dunha discusión dos mesmos; finalmente, conclúense as principais achegas con diferentes

aprendizaxes de cara á inserción e desenvolvemento no mundo profesional e cunha breve valoración final.

Marco Teórico

En todo traballo de investigación é necesario entender, previamente, certos aspectos relacionados coa definición e co encadramento de conceptos básicos sobre a temática a tratar, co marco lexislativo na materia e con estudos e/ou investigacións precedentes que nos axuden a situar o traballo nunha realidade concreta.

En primeiro lugar, cómpre definir os tres elementos chave da investigación que nos proporcionarán as nocións básicas para comprender o contexto no que se enmarca o estudo.


O Sistema Penal Español

O sistema penal español conta con catro piares lexislativos que teñen como obxectivo principal a unificación do corpo legal e institucional do exercicio penal: a Constitución Española de 1978, a Ley Orgánica 1/1979, de 26 de setembro, General Penitenciaria (LOGP), o Real Decreto 190/1996 de 9 de febreiro, por el que se aprueba el Reglamento Penitenciario e o Real Decreto 840/2011, de 17 de xuño, por el que se establecen las circunstancias de ejecución de las penas de trabajo en beneficio de la comunidad y de localización permanente en centro penitenciario, de determinadas medidas de seguridad, así como de la suspensión de la ejecución de las penas privativas de libertad y sustitución de penas. Conforman, en conxunto, un abano de conceptos, procesos, obxectivos e principios para o correcto funcionamento e desenvolvemento do ámbito penal.

No marco da súa organización, Instituciones Penitenciarias (2024) informa da existencia dos Servizos Centrais e dos Establecementos Penais. Por unha banda, dende o primeiro deles lévase a cabo a dirección, o impulso, a coordinación e a supervisión das institucións penais, o que engloba unha función inspectora (relacionada cos servizos, organismos e centros da administración penal), a administración e xestión do persoal, a creación de infraestruturas penais e a planificación e control das actividades de mantemento e mellora da hixiene e da saúde. As entidades que se ocupan, polo tanto, do cumprimento destas funcións son as presentadas na figura 1.

Figura 1

Organización do sistema penal español




Nota: elaboración propia a partir de Instituciones Penitenciarias (2024).

Por outra banda, é de interese mencionar os establecementos penais entendidos como toda unidade, con base arquitectónica e administrativa, que teña como obxectivo primeiro o cumprimento efectivo por parte das persoas reclusas da súa condena privativa de liberdade (Cámara, 2019) e que están clasificados en sete categorías expostas na figura 2.

Figura 2

Clasificación dos Establecementos Penais en España



Nota: elaboración propia a partir de Instituciones Penitenciarias (2024).

Nesta panorámica, Galicia conta con 5 Centros Penais e 2 Centros de Inserción Social. Ademais, tamén cómpre indicar que os establecementos penais, segundo a LOGP, comprenden os establecementos de preventivos, de cumprimento de penas e especiais, formados todos eles por unidades, módulos e departamentos que facilitan a distribución e a separación das persoas presas.

Na mesma liña, o réxime penal, como sinala o Real Decreto 190/1996, de 9 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento Penitenciario, enténdese como o conxunto de normas e medidas que procuran a consecución dunha convivencia ordenada e pacífica, clasificándose en ordinario (aplicado a persoas penadas de segundo grao, sen clasificar, a preventivas e penadas), aberto (correspondente a persoas posuidoras do terceiro grao) e pechado (relacionado con persoas en primeiro grao).

Na actualidade, existen diferentes concepcións sobre os principios do sistema penal español presididas polo centro do sistema político e do ordenamento xurídico de España, a CE (art. 25), que afirma que “las penas privativas de libertad [...] estarán orientadas hacia la reeducación y reinserción social”, así como a LOGP no seu artigo primeiro, que sinala á retención, á custodia, á asistencia e á axuda como piares fundamentais. Porén, outras autorías como Hernández (2020) defenden a progresividade, o tratamento, a individualización e as relacións co exterior como elementos que deberían ser centrais, ou Solar (2019) que alude ao principio de subordinación do réxime ao tratamento e á flexibilidade. Ben é certo que, dentro desta realidade tan ampla, Neuman (1984), un dos máximos expoñentes da investigación da penalidade, expón outros: a liberdade, a igualdade e a fraternidade. En todo caso, dende a Secretaría General de Instituciones Penitenciarias (2024) (SGIP en adiante) aténdese a un principio de legalidade, á conservación dos dereitos fundamentais e ao principio de control xurisdiccional da actividade penal. Con todo, esta mesma institución establece como primordiais os seguintes fundamentos:

- A individualización, entendida como a concesión dun réxime de vida específico (ordinario, aberto ou pechado) para cada persoa reclusa tendo en conta as súas características persoais e o seu historial delituoso.
- A progresión de grao, é dicir, o dereito ao desprazamento entre un primeiro, segundo ou terceiro tras a valoración pertinente da evolución da persoa presa, podendo ser este de avance ou de retroceso.
- O cumprimento de condena no lugar onde a persoa privada de liberdade teña arraigamento social, cuxa intención é minguar ao máximo o desenraizamento familiar e social.

- As relacións co exterior, tamén mencionadas no marco legal, que facilitan o mantemento do contacto co mesmo obxectivo ca o principio precedente.

En canto a perfís e datos estatísticos relevantes, Instituciones Penitenciarias (2024) realizou un estudo a nivel nacional no que os resultados amosan un lixeiro incremento, en relación aos últimos 4 anos, no número total de persoas privadas de liberdade ata as 57.423 na primeira semana de marzo do presente ano, sendo protagonistas os varóns que representan un 92,98% do total. Emporiso, convén engadir que a partir do ano 2010 a porcentaxe de persoas presas no marco español foi diminuindo. En liñas xerais pódense sinalar as seguintes características:

- Situación procesual: o 82,87% da poboación reclusa está condenada a penas de prisión; 17,13% en situación preventiva.
- Distribución en graos: 73,73% adscrito ao segundo grao de tratamento; só o 1,22% no primeiro grao e un 18,67% no terceiro.
- Idade: segundo as estatísticas realizadas pola SGIP (2022) e o Ministerio del Interior (2022), son predominantes as comprendidas entre os 31 e os 40 anos e tendo a menor representatividade os suxeitos maiores de 70.
- Tipoloxía delitiva: destacan, notablemente, os delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica, seguidos dos referentes á saúde pública e á liberdade sexual.
- Nacionalidade: notoria diferenza entre o 74,61% asociado á poboación española fronte ao 25,39% de orixe estranxeira, tal e como sinala o último rexistro do Instituto Nacional de Estadística (INE) do ano 2022.
- Niveis socioeconómicos: adoitan ser baixos, ligados, na meirande parte dos casos, a graos educativos e laborais inferiores á poboación xeral (Molina et al., 2017; Piña e Poom, 2019).

Asemade e tendo presente todo o anterior, a miña experiencia persoal nos períodos de Prácticas dentro dos centros penais de Bonxe e Monterroso (ambos en Lugo) e o contacto con profesionais expertos/as na materia, permíteme reafirmar que o perfil da poboación reclusa é o dun varón duns 40 anos, con delitos contra a saúde pública ou contra o patrimonio e a orde socioeconómica, de xeito máis concreto, tráfico de drogas e/ou roubos con forza.

As Persoas Ex-reclusas

Enténdese como persoa ex-reclusa, como sinala Capilla (2022), a toda aquela que, tras cometer un delito, cumpriu a súa condena e atópase actualmente no uso completo da

súa liberdade. Son suxeitos que necesitan de atención en necesidades tan básicas como as relacionadas coa subsistencia, coas redes de apoio e co emprego e, polo tanto, son moi susceptibles de posibles recaídas e reingresos en prisión. De feito, o proceso de adentrarse nun centro leva consigo unha serie de efectos negativos para a súa saúde física e mental e, polo tanto, son considerados colectivo en exclusión social. A definición deste termo posibilita entender como afecta ser persoas ex-reclusas neste contexto xeral cargado de prexuízos. Acorde a isto, investigacións como a de Moran (2012) revelan a existencia dun elevado estigma na poboación ex-reclusa que está arraigada a unha reinserción máis dificultosa. A raíz disto, LeBel (2012) sostén que estas persoas sofren consecuencias psicosociais derivadas deste estigma e, polo tanto, asegura que a etiqueta social de persoa criminal afecta tanto á identidade individual como á social. Deste xeito, amósase que os efectos da estancia en prisión tamén se manteñen no exterior da mesma e son definidas de maneira específica.

A Prisionización

O termo prisionización acuñado, nun primeiro momento, por Clemmer en 1940 é citado por varios autores como González (2001) ou Escaff et al. (2013) para explicar a repercusión que teñen as subculturas carcerarias nos individuos que habitan nelas. Defínese, por unha banda segundo Escaff et al. (2013), como “el proceso en el que una persona, privada de libertad, adquiere códigos, normas sociales y formas de comportarse para poder convivir en la cárcel” (p. 296). Clemmer (1940), por outra banda, enténdeo como un conxunto de adaptacións biolóxicas, psíquicas e sociais que ten que facer o suxeito no esquema normativo da prisión, considerando que, para que se manifeste este fenómeno, téñense que ter en conta tres variables: a propia configuración da prisión (pechada, aberta, próxima á comunidade, etc.), as condicións das persoas reclusas (amontoamento, duración da condena, ingresos previos en prisión...) e outros elementos externos como a vinculación familiar ou o goce de beneficios. Identificou, neste escenario, aquelas que contribuían a unha maior prisionización, destacando unha longa condena, unha personalidade inestable, a ausencia de relacións con persoas no exterior, a vontade e capacidade de integrarse nos grupos primarios de persoas reclusas ou a rápida aceptación dos valores e das costumes da vida carceraria, entre outras. Pola contra, demostrouse que se observa un nivel inferior cando a persoa presa cumpre condenas curtas, posúe unha personalidade equilibrada derivada dunha boa socialización fóra de prisión, mantén relacións sociais positivas, resístese a integrarse nos grupos primarios dentro da mesma e non acepta tan lixeiramente as normas da comunidade penal.

A prisionización é descrita por múltiples autores e autoras a través de fases separadas, tal como Arroyo e Ortega (2009) que dividen o proceso en tres niveis de

afectación: o primeiro descríbese como un comportamento “regresivo, inmaduro, ansioso e inestable” (p. 12) dende a esfera afectiva que aparece como resposta á entrada en prisión; o segundo é o máis significativo en canto a desordes da conduta protagonizadas por comportamentos agresivos (auto ou heteroagresividade), así como pola aparición dun deterioro afectivo depresivo relacionado, na maioría dos casos, con trastornos da ansiedade; e o último camiña paralelo a patoloxías mentais severas, aparecendo gromos psicóticos, trastornos afectivos graves, crises de ansiedade e a inadaptación ao centro penal. Manzanos (1992), pola contra, expón a división en dúas fases: unha primeira asociada á desvinculación do suxeito aos seus valores e costumes anteriores e unha segunda caracterizada pola adquisición dos comportamentos e tradicións propios da prisión. Do mesmo xeito, Bermúdez (2006) e Echeverri (2010) fan a distinción entre prisionización superficial -adaptación normalizada que podería darse en calquera contorna descoñecida- e prisionización profunda -correspondente á asunción dos valores da subcultura carceraria-. Non obstante, Romero (2019) é máis específico, separando o proceso nas cinco fases que se amosan na táboa 1.

Táboa 1*Fases da prisionización*

Fase	Aspectos relevantes	Prisionización
<i>Imaxe figurativa</i>	<ul style="list-style-type: none"> Idea inicial da prisión e do encerro, ao non estar anteriormente dentro ou ao atoparse noutra de características diferentes. Contraste da imaxe figurativa coa nova realidade a través da posición na xerarquía da subcultura carceraria. 	<ul style="list-style-type: none"> Sen prisionización
<i>Exploración</i>	<ul style="list-style-type: none"> Recoñécese a prisión como estrutura, non como un lugar para habitar. Condutas de repregue (cautela, temor, submisión, etc.) e colonización (confrontación, busca de alianzas, etc.). Avaliación do suxeito por parte da institución e das propias persoas reclusas, integrándose nunha categoría específica dentro da subcultura. 	<ul style="list-style-type: none"> Sen prisionización
<i>Activación</i>	<ul style="list-style-type: none"> Recoñécese a prisión como un lugar a habitar e asúmese o status e os roles esperados ou asignados. Elección da matriz de conduta dende a que se vivirá a reclusión: adhesión á subcultura (prisionización primaria), cumprimento da normativa institucional (prisionización secundaria) ou oscilación entre ambas (prisionización terciaria). Iniciación da mutilación do eu (cando se ve obrigado a transformarse nalgo distinto do que era fóra de prisión) ou da profusión do eu (cando se reforza a traxectoria delituosa). 	<ul style="list-style-type: none"> Prisionización inicial
<i>Priorización</i>	<ul style="list-style-type: none"> Recoñécese a prisión e vívese a reclusión en razón da prisionización elixida. Desenvolvemento da mutilación ou profusión do eu. Mobilidade ou ratificación de status dentro da xerarquía subcultural. Execución de matriz de conduta: prisionización primaria, secundaria ou terciaria. 	<ul style="list-style-type: none"> Aumento da prisionización
<i>Solidificación</i>	<ul style="list-style-type: none"> O suxeito forma parte do tramado da prisión normalizando condutas en razón da prisionización seleccionada. Anquilosamento da mutilación ou profusión do eu. 	<ul style="list-style-type: none"> Máxima prisionización

Nota. Adaptación de Romero (2019, p. 47).

Dende esta perspectiva, Escaff et al. (2013) indican que a estancia en prisión leva consigo unha serie de consecuencias que dependen da duración da condena, da estabilidade da persoa interna, dos lazos con persoas externas á prisión e da pertenza a grupos sociais

primarios, así como do emprego. Enténdese, polo tanto, que os efectos comezan no momento no que o individuo é privado de liberdade e ingresado no recinto penal, xa que é, nese intre, cando se insire noutro contexto sendo distanciada da súa propia contorna. Porén, as consecuencias da prisionización van máis alá da estancia na cadea, xa que estas persisten na vida exterior.

Existen múltiples estudos sobre as consecuencias da estancia en prisión que serven de fundamento na comprensión do termo da prisionización. Dende este escenario, autores como Escaff et. al (2013) afirman que os principais efectos estarían enraizados á ansiedade, á despersonalización, á perda de intimidade, ás alteracións da autoestima, á falta de control sobre a propia vida, á ausencia de expectativas e ás modificacións na sexualidade. Os dous primeiros tamén son mencionados nos traballos de Rodríguez (2019), Ayala e Riveros (2021) e Pérez (2022) que engaden outros como a depresión, o maior risco de suicidio, a desesperanza, os déficits cognitivos e o comportamento agresivo. Ademais, o Ministerio del Interior (2017) no número 16 de Documentos Penitenciarios, recolle unha extensa listaxe doutras secuelas da privación de liberdade como, por exemplo, a irritabilidade, a desconfianza, a introversión, o temor, a impulsividade e o insomnio. Amais, outras consecuencias que aparecen repetidas nos estudos citados son a inestabilidade emocional relacionada coa impulsividade, o deterioro afectivo, a impotencia, a soidade, a perda de concentración, memoria e autonomía, así como a tristeza e a rabia. Neste marco, tamén se insiren investigacións como a de Jongezoon (2021) ou a de Pedrosa (2020) que engaden a violencia como un dos efectos máis destacados da estancia en prisión.

Con todo, autoras como García e Pacheco (2012), Castellanos (2021) ou Mondéjar (2023) diferencian entre consecuencias somáticas e psicosociais, nas que cómpre indagar: a táboa 2 recolle unha síntese destas consecuencias. As primeiras atenden á arquitectura dos establecementos e as súas condicións vitais que derivan en manifestacións orgánicas que teñen a súa orixe no malestar psicolóxico e as segundas afectan ao nivel social e psíquico que actúan como agravante na súa sintomatoloxía psicopatolóxica.

Táboa 2*Consecuencias somáticas e psicosociais da prisionización*

Somáticas	Psicosociais
Aumento do instinto de ataque	Perda de autoestima
Problemas de privación sexual	Deterioro progresivo da imaxe do mundo exterior
Problemas sensoriais	Dependencia
Visión reducida, deformacións na percepción visual e cegueira de prisión	Regresión infantil ou infantilismo
Alteracións na audición, no gusto e no olfacto	Frustración
Perda da conciencia dos límites corporais	Índices de neuroticismo altos (inestabilidade, cambios emocionais repentinos, hipersensibilidade e hiperactividade)
Medición incorrecta das distancias	Esaxeración de situacións que resultan en conflito e violencia
Falta de autocoidado da imaxe persoal	“Desresponsabilización” (p. 17)
Contracción e rixidez muscular	Desconfianza, indiferenza afectiva e inseguridade emocional (tendencia a fuxir dos vínculos afectivos e escasa expresión de emocións)
Debilitación corporal	Sintomatoloxía ansioso-depresiva e estrés
Alteracións do sono e do apetito	Sensación de perigo constante
Uso do propio corpo para a realización de accións violentas	Deficiente xestión emocional
Síntomas cardiovasculares, respiratorios e gastrointestinais	Pensamentos obsesivos
	Ataques de pánico, condutas autodestrutivas e suicidios
	Trastornos da personalidade (maioritariamente trastorno paranoico, límite e antisocial)
	Autoafirmación agresiva como forma de protección
	Redución das habilidades sociais, de afrontamento de problemas e de toma de decisións

Nota. Elaboración propia a partir de García e Pacheco (2012), Castellanos (2021) e Mondéjar (2023).

No entanto, os efectos máis reiterados son, a nivel somático, as alteracións da vista, do gusto e do olfacto; a perda da conciencia dos límites do corpo; a falta de autocoidado; a rixidez corporal; a medición incorrecta das distancias e as problemáticas do sono. Na esfera psicosocial destacan a autoafirmación agresiva, a desconfianza, a sintomatoloxía ansiosa-depresiva, a ausencia de responsabilidade, a esaxeración de situacións e a escasa expresión emocional.

Como se indicaba anteriormente, os efectos tamén se manteñen fóra de prisión, aspecto que relata detidamente Zabala (2022). Amósanse circunstancias como a desconfianza, o maior risco de suicidio e de reincidencia (polo simple feito da estancia en prisión), a exclusión social da vida laboral, así como dificultades para restablecer relacións sociais, para facer fronte ás novas tecnoloxías e na aprendizaxe de bens e servizos non dispoñibles na prisión. Ademais, tamén aparecen as dores de illamento e desesperanza, arraigadas ao afastamento das redes sociais para evitar as tentacións delitivas e ao pensamento recorrente de non poder acadar os seus obxectivos vitais, respectivamente.

Porén, aínda existindo impacto en moitas áreas, a psicolóxica é unha das máis estudadas presidida pola indefensión aprendida que comparten diversas investigacións. Este fenómeno foi definido, orixinalmente, por Seligman (1981) como a condición psicolóxica na que o individuo considera que non ten ningún control sobre a situación á que se enfrenta, comunmente debido a algunha experiencia previa de fracaso. Deste xeito, postula que os suxeitos expostos a unha situación incontrolable, amosan unha redución na aprendizaxe de respostas de éxito. Este mesmo efecto ocorre, xeralmente, nas persoas reclusas que, cando experimentan unha situación traumática que non poden controlar, a súa motivación para responder a posteriores situacións da mesma índole diminúe. De feito, aínda que actúen, é común que lles sexa complicado comprender que a resposta foi eficaz. Asemade, esta circunstancia provoca unha alteración no equilibrio emocional destas persoas que deriva, maioritariamente, en estados de depresión e/ou ansiedade que, como se sinalaba anteriormente, son as principais consecuencias da privación de liberdade.

Investigación De Campo

Metodoloxía e Proceso

O marco metodolóxico encádrase na contorna das Ciencias Sociais a través dun enfoque cualitativo empregando a entrevista para a recollida de datos primarios procedentes da realidade social. Segundo Guzmán (2021) a investigación cualitativa é “una mirada al análisis de los fenómenos, examinando a partir de la posición de los elementos presentes en el ambiente y vinculados a su contexto” (p. 21), polo que se afirma que é unha metodoloxía

que se elixe cando se pretende coñecer aos individuos, así como afondar nas súas observacións, interpretacións e significados. Desta forma, a metodoloxía cualitativa busca estudar aos suxeitos no seu contexto de forma holística, a través da comprensión de fenómenos complexos desde unha perspectiva subxectiva, utilizando datos non numéricos e fundamentándose na recollida de información e na súa análise indutiva (Acosta, 2023).

A elección da mostra é de carácter non probabilista, é dicir, escollida intencionalmente a través do contacto coa asociación Aliad Ultraia (Lugo), na que realicei as prácticas do Grao. Por unha banda, trátase de tres homes coas características que se amosan na táboa 3. As tres persoas teñen contacto na actualidade coa entidade, que comezou dentro de prisión, e están inseridas nalgún programa específico co fin principal de avanzar na súa traxectoria vital tras o paso polo cárcere e mellorar a situación derivada da mesma. Por outra banda, unha muller educadora social traballadora na entidade cunha experiencia profesional coa poboación reclusa de cinco anos.

Táboa 3

Características das persoas ex-reclusas da mostra

Entrevistado	Idade	Estudios	Situación laboral	Ingresos en prisión	Total condenas	Situación familiar
E1 (C.F.V.)	49	Educación Xeral Básica (EXB)	Inactivo en busca de emprego	5/6	+20 anos	Relación moi estreita co pai. Contacto coa nai. Afastamento dos irmáns.
E2 (L.Q.V.)	50	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	Empregado a media xornada como pinche de cociña	3	9 anos e 10 meses	Relación moi boa coa sobriña e coa súa irmá. Afastamento do resto dos irmáns.
E3 (X.P.D.)	58	Estudios primarios	Inactivo en busca de emprego	1	2 anos e 3 meses	Relación moi boa coas irmás.

Nota: elaboración propia a través das entrevistas (anexos IV, V e VI).

En canto ao instrumento utilizado, será a entrevista con carácter semiestructurado, cuxo obxectivo é acadar información a través dunha conversa entre dúas persoas (investigadora e investigada) no que unha delas formula preguntas sen categorías de resposta e sen unha orde establecida fixa. Nesta liña, o procedemento consistiu en tres fases:

- Planificación na que se definiron obxectivos, tipo de entrevista, lugar, tempo e forma de rexistro, se seleccionaron e se contactou coas persoas informantes (a través da asociación Aliad Ultreia) e se deseñaron os dous guións de entrevista (anexo II e VI). Constan de 3 bloques temáticos: datos persoais, prisionización (dividido en aspectos a nivel físico, psicolóxico, relacional e familiar) e acción psico-socioeducativa. As entrevistas realizáronse mediante preguntas abertas recollidas a través dunha gravación de audio en dous soportes: ordenador portátil e teléfono móbil.
- Apertura, na que se entregou o consentimento informado e o compromiso de confidencialidade.
- Desenvolvemento. As entrevistas ás persoas ex-reclusas tiveron lugar na sede da asociación Aliad Ultreia, nos seguintes días e horas: martes 30 de abril de 2024 ás 17.00 horas cunha duración de 1:13:00 e martes 7 de maio de 2024 ás 17.00 e ás 18.00 horas cunha duración de 00:54:35 e 00:33:48, de maneira respectiva. A entrevista á educadora social de Aliad Ultreia realizouse de xeito telemático no día 14 de maio ás 16.30 horas cunha duración de 00:24:11.

Resultados

Para a exposición dos datos recollidos formúlase unha estruturación por categorías (prisionización e acción psico-socioeducativa) para realizar unha aproximación á realidade da prisionización nas persoas ex-reclusas, así como á visión da acción socioeducativa por parte dunha profesional da Educación Social. Cada persoa será denominada por un número como se amosa na táboa 3 (E1, E2, E3, sendo E4 a educadora social).

Prisionización

A Nivel Físico. Unha das tres persoas ex-reclusas afirma non experimentar moitos cambios significativos neste ámbito, porén E1, E2 e a profesional da Educación Social aseguran que esta é unha área afectada pola estancia en prisión a través de oracións como “¿Cómo no me va a afectar? [...] te afectaba a todo” (E1, p. 42) ou “me afectó mucho” (E2, p. 48). Destacan a diminución de sentidos corporais (a vista e o oído (E1, E2) e o gusto (E2, E4) e a dificultade para conciliar o sono e descansar, concordando as tres persoas ex-reclusas na toma de pastillas para durmir e nunha intranquilidade no descanso. As alteracións dos sentidos corporais son as máis destacadas nas respostas, asociando a perda de vista tanto á non posibilidade de ver ao lonxe (E1) como ás cores estridentes: “en esta campaña me afectó mucho a la vista, tienen unas paredes naranjas y después es todo blanco [...] y el reflejo yo creo que fue” (E2, p. 48).

En canto aos *hábitos*, E2 menciona o hábito de levantarse para o reconto como un aspecto negativo porque, como explica, “puedo acostarme a las seis de la mañana que a las ocho estoy despierto, aunque me acueste una hora antes. Yo me despierto automáticamente y yo creo que es por el hábito del recuento” (p. 49). Neste ítem, a educadora social tamén fai fincapé no cambio dos hábitos de alimentación “algúns perden o apetito porque están habituados a comer menos” (E4, p. 60), do que tamén fala E2 cando manifesta que a comida dentro fai que perdas gusto e que despois “parece que las cosas fuera te saben mejor” (p. 49).

Pola contra, as tres persoas ex-reclusas afirman non notar moitos cambios *no coidado persoal*, de feito a educadora sinala que pensa que “é unha das cousas que menos cambia” (p. 60). Aínda así, E2 afirma que dentro adoitas ducharte máis e coidar máis a túa aparencia física e hixiene debido aos posibles comentarios despectivos do resto da poboación presa como “mira ese que no se duchó, que pintas tiene” (p. 49).

Na súa *condición física*, E1 e E3 indican que esta non cambiou, incluso engadindo que incluso “mejor dentro que ahora” (E1, p. 43). Porén, E2 indica que, aínda que sinala non sentir esgotamento nin os músculos ríxidos dentro de prisión, si que manifesta un “acomodamiento” maior debido á dinámica da cadea, expoñendo que “ahora fuera me acomodo más rápido, más fácilmente, antes fuera no paraba y ahora todo lo contrario, por mí puedo estar toda la semana tirado en el sofá, películas, películas, películas...” (p. 50). E1, ademais, amece que, aínda non sendo a súa experiencia persoal, coñece “a gente que le pasa” (E1, p. 43) e que si experimenta cambios na súa musculatura dentro de prisión.

Neste ámbito, tres das catro persoas entrevistadas (E1, E2 e E4) ratifican o sentido perdurable dos cambios despois da saída en liberdade (concretamente o gusto, a vista, o olfacto e a calidade do sono), especificando que existen aspectos como o sono que se van recuperando pouco a pouco pero que, como menciona E4, “esas son cosas que tardan en pasar” (p. 61). E2, neste mantemento das consecuencias, afirma que “son costumbres de las que estás allí habituado” (p. 49).

A Nivel Psicológico e Emocional. E3 indica que non se viu moi afectado, supoñendo, pola contra, unha experiencia positiva, xa que o ingreso en prisión posibilitoulle deixar o alcol. Porén, o resto admite que a estancia en prisión “te desgasta muchísimo” (E2, p. 50) psicoloxicamente, asociado, sobre todo, ao estado anímico (E1, E2 e E4), a visión de futuro (E1 explica que “antes tenía ilusión por vivir, ahora me da igual todo. Vivo el día a día y se acabó” (p. 45)) e ao sentimento de menosprezo por parte do funcionariado (E2: “te pisan y te desvaloran como persona [...] a veces te dejan como una basura” (p. 50) e E4). De feito, neste

senso, E2 comenta que antes os cárceres eran máis perigosos a nivel físico pero agora “psicológicamente te destrozan mucho más” (p. 51).

Na *agresividade*, dúas das persoas ex-reclusas (E1 e E2) manifestan que dentro, aínda que o teu carácter non fora agresivo, tiñas que telo debido ás circunstancias da prisión, afirmando E2 que se non contestas a un comentario ofensivo ou non te adentras nunha liorta, “si ven un poco de debilidad, se te van a echar todos encima” (p. 53). Dende esta perspectiva, ambos indican que é mellor ter unha pelexa cunha persoa nun momento específico que ter que enfrontarte a moitas posteriormente. Esta afirmación é reforzada tamén pola educadora social que engade que dentro “sae a agresividade por moitas frustracións” (p. 61). Non obstante, tamén apunta que esta agresividade aparece cando a persoa xa a posuía con anterioridade, visión que concorda coas experiencias de E3 e E2.

No *estado anímico*, predomina a rabia e a impotencia mencionadas por E2 e E4 asociadas á denegación de dereitos. Ademais, E2 tamén amplía a resposta con outras como a desmotivación e o “malestar” (p. 51) constante, así como o sentimento de desvalorización e soidade, tamén nomeada por E1; chegando a “pensar que no merecía la pena” (E2, p. 51). E3, pola contra, non refire ningún sentimento en concreto pero asocia a súa estancia a algo positivo, indicando só que sempre hai persoas que se “meten contigo”. A educadora, asemade, incorpora o nerviosismo como a sensación máis destacable na saída de prisión e incluso “non dormen” (p. 61).

Respecto á *autonomía*, dúas das persoas ex-reclusas non aprecian cambios neste sentido. Así e todo, E2 e E4 sosteñen a idea da enorme cantidade de cambios que existen coa entrada en prisión, marcándose externamente todos os hábitos cotiás, incidindo ambos en que a posibilidade de tomar decisións de maneira autónoma “era muy limitada” (E2, p. 51). E2 vincula esta realidade á dispoñibilidade de diñeiro, por estar a vida en prisión claramente monetizada, expoñendo que el “tenía cincuenta euros al mes [...] y en prisión todo está muy caro para sobrevivir realmente” (p. 51), pola contra, E4 fai referencia a aspectos máis organizativos da propia cadea como “o feito de non poder erguerse á hora que queren, deitarse á hora que queren, comer á hora que lles apeteza, fumar onde eles queren, ir ao baño rodeado de máis xente...” (p. 61).

Na *expresión de emocións ou sentimentos*, as tres persoas ex-reclusas coinciden na non exteriorización destes, aludindo, por exemplo no caso de E3, a unha soa persoa na que confiaba ou mesmo en ninguén (E1 e E2). Ademais, estes dous últimos aclaran que, na maioría das veces, a xente sabía do teu estado anímico, porque eran situacións insostibles nas que era imposible disimular, pero non porque se expresara. Pola contra, a educadora

considera que si que expresan esas emocións internas relacionado cun sentimento de soidade e con que “ás veces, aínda que non confíen necesitan falar con alguén” (p. 61).

En canto ás *reaccións emocionais* ante diferentes situacións, dúas das persoas entrevistadas (E2 e E4) concordan na súa magnificación dentro de prisión, referíndose a que “siempre saltas más rápido, te molesta todo más” (E2, p. 52), poñendo exemplos como “cousas que fóra solucionaríaa con un ‘déixame en paz’ dentro poden xerar actitudes máis agresivas” (E4, p. 61). En relación a isto, E1 menciona que as súas reaccións non cambiaron porque xa eran deste xeito.

Na *autoestima* hai diversas respostas, conectadas, maioritariamente, cun nivel baixo ou deficiente de autopercepción. E1 e E2 afirman non sentirse ben consigo mesmos, versión ratificada na resposta da educadora social: “hai un porcentaxe grande que a teñen bastante baixiña” (p. 62). Neste eixo, E2 relaciona esta baixa autoestima co malestar psicolóxico, co pensar de que “no merece vivir por nada” (p. 52) e coa organización da prisión agregando que dentro “mi autoestima allí [...] me la echaron por los suelos” (p. 52), expoñendo como elementos positivos á familia e ao apoio de fóra de prisión. Antagonicamente, E3 non expón cambios e sinala ter unha autoestima boa.

A *capacidade de control* sobre a vida, valórase moi limitada dentro de prisión (E1, E2). A educadora social asocia esta afirmación coa saída en liberdade, expoñendo unha realidade na que “non son capaces de tomar certas responsabilidades e fóra necesitan máis acompañamento aínda que eles poidan” (p. 62).

Neste eido, agás E3, todas as persoas aseguran que algunhas destas cuestións mencionadas se manteñen fóra. E1 sinala que, a nivel psicolóxico, lle afectou tanto que, actualmente, sinte que é máis sentimental e que se conmove con máis facilidade, poñendo o exemplo de que “muchas veces igual estoy hablando con [...] o tal y tengo las lágrimas en los ojos” (p. 47). E2 fala dos ítems da agresividade, da autoestima e da expresión de emocións e sentimentos que afirma que se veu incrementada na súa saída. E4 tamén engade que “toleran menos que fóra, sobre todo nas cousas que se lles din” (p. 61) e a desresponsabilización como aspectos que perduran fóra da cadea.

Ámbito relacional. As preguntas neste ámbito ían orientadas á adaptación ao centro e á poboación presa, así como aos niveis de confianza ou desconfianza cos diferentes colectivos. Na *adaptación aos costumes e normas establecidas* polo centro penal, os tres coinciden en que, ao principio, “te cuesta adaptarte y llevar las normas, no son fáciles y más si estás acostumbrado a vivir a tu aire” (E2, p. 52), porén, E2 e E3 pronto se afixeron: E2 porque xa estivera nun “reformatorio” (p. 52) e as normas eran case iguais e E3 pola confianza

que tiña co funcionariado. A educadora corrobora esta realidade explicando que é unha situación moi diferente ao mundo exterior, “é outro mundo” (p. 62) e que custa adaptarse. En canto ao código de conduta establecido pola poboación presa, tamén concordan en que lles resultou difícil pero que foron normas ás que se adaptaron con sinxeleza: E1 porque xa o coñecían dentro de prisión e xa sabía as normas que existían e E2 porque afirma que son as normas da rúa e el criouse alí. Nesta pregunta, a educadora, tendo en conta a súa experiencia, asegura que lles costa “máis adaptarse ás do centro” (p. 62) que ás da poboación presa, expoñendo que “entre eles pronto se adaptan ás normas e ata onde poden ir e os límites. Poñen máis límites entre eles que de cara a fóra”.

Na *confianza ou desconfianza* con compañeiros, funcionariado e equipo de tratamento, dous deles sinalan á prisión como un lugar de total desconfianza (E1 e E2), indicando que “ellos son un bando, ellos son del Madrid y yo soy del Barcelona y no cuajamos” (E1, p. 45). Pola contra, E3 menciona que existía moita confianza co funcionariado e co equipo de tratamento, porén coa poboación presa só posuía ese vínculo cun rapaz. E2 engade que o único apoio que tivo dentro de prisión foi unha psicóloga. Neste marco, a educadora sinala que moitas persoas presas e ex-reclusas falan desta desconfianza cara o persoal da cadea, non obstante, fóra atopan esa confianza que lles permite irse abrindo progresivamente. A entrevistada atopa o motivo desta situación na estrutura inflexible da prisión que lles obriga a “aprender a vivir doutra maneira” (p. 62).

Ámbito familiar. Recóllense diversas respostas sobre a relación actual que teñen coa familia en comparación coa anterior á entrada en prisión: E1 indica que non se acorda despois de tantos anos de cadea, pero afirma que sempre tivo boa relación con seu pai, E2 explica o cambio relacional pola desconfianza que a familia ten cara el, incluso engade que notou un cambio grande a nivel social, afirmando que “si que te perjudica un poco porque [a xente di] ‘este ya estuvo en la cárcel’” (p. 53); E3 evidencia que non houbo cambios porque a familia “non souberon” (p. 57) da súa estancia na cadea. Neste sentido, E4 fala da importancia da familia asociada á saúde mental e á redución de efectos psicolóxicos.

Ademais de todo o tratado, xurdiron outros aspectos nas entrevistas como a inserción laboral na que dúas das tres persoas ex-reclusas coinciden na dificultade que existe para atopar traballo tras a saída de prisión (E1 e E2). E3, pola contra, indica que non é complicado pero está buscando emprego na actualidade, igual que E1.

Acción psico-socioeducativa.

A acción psico-socioeducativa é tratada, neste estudo, a través de dous bloques diferenciados: as actividades, profesionais, recursos e/ou iniciativas que lles axudaron dentro

e fóra de prisión para mellorar a situación derivada da estancia na mesma e aqueles aspectos que botan en falta en relación á temática.

En relación aos *recursos* dispoñibles, dúas das persoas ex-reclusas cadran na manifestación de non contar con apoio de profesionais dentro de prisión, afirmación consolidada pola educadora que a describe como unha situación “que xera moita frustración” (p. 63) que deriva nun sentimento de soidade. Ben é certo que, as persoas participantes apuntan algúns elementos que lles axudaron na estancia en prisión tales como profesionais do traballo social (E3) ou da psicoloxía “yo lo que tenía era el apoyo de la psicóloga, pero aún teniendo en apoyo de ella, me costó” (E2, p. 54), así como recursos como Alcohólicos Anónimos (E3) ou a Unidade Terapéutica e Educativa (E2). E1 incide na idea de que o persoal é un bando e a poboación presa outro, expoñendo a un compañeiro como o único apoio dentro da cadea. Ademais, fóra de prisión mencionan só á Asociación Aliad como apoio na súa vida en liberdade con frases como “Aliad me ha ayudado siempre, tanto en prisión como fuera de prisión” (E2, p. 54) ou “Aliad foi a que me axudou con todo, cando saía de permiso e todo” (E3, p. 58).

Vencellado ao anterior, agás E3, todas as persoas entrevistadas concordan en que os recursos ofrecidos en prisión non son *efectivos*. A educadora engade ademais a desigualdade de acceso aos recursos existentes como consecuencia da xerarquización da poboación presa. Entende que a efectividade é nula, non tan ligada ao persoal, senón máis á organización e estrutura da prisión. Sinala, neste marco, que

todos os recursos deberían estar abertos a todos independentemente do módulo no que estean. Non pode ser que eu por estar nun módulo de respecto teña acceso a un ximnasio e por estar no módulo máis conflictivo non o teña [...] A biblioteca tamén ten acceso limitado cando debería estar aberta para todos (E4, p. 63).

Naqueles *elementos que botan en falta* para mellorar estas situacións, E1, E2 e E4 expoñen que se necesitan mudar moitos aspectos en prisión: E1, aínda incidindo en que nada vai cambiar debido á organización dos centros, afirma que debería cambiar todo; E2 encamiña a súa resposta ao cambio de persoal, a unha intervención máis individualizada e a unha flexibilidade maior das normas, así como na franqueza que debería caracterizar ao persoal; E4 engade o deporte como unha peza importante, a actualización dos recursos xa ofrecidos en prisión como a biblioteca ou a videoteca e a idea de cambio do “aire de superioridade que se denota nalgúns funcionarios” (p. 63).

Asemade, a educadora amosa unha visión máis detallada sobre outros compoñentes deste bloque, por exemplo, no relacionado ao traballo dende entidades externas coa

poboación presa. Destaca, neste elemento, o traballo con persoas drogodependentes e os cursos de prevención como intervencións predominantes. Individualmente, afirma que se tratan outros temas como os estilos de comunicación, a prevención de recaídas, os dereitos humanos e sociais ou os recursos formativos e sociais que poden axudar tanto na estada na cadea como na saída en liberdade. Amais, tamén se incide en actividades ao aire libre ou cursos de formación máis vinculados a súa vida fóra de prisión, indicando que a diferenza entre a intervención dentro e fóra é un enfoque máis conectado co mundo externo que posibilita outro tipo de actuacións asociadas a situacións cotiás da vida en liberdade. Finalmente, emerxe o tema da preparación para a liberdade no que menciona contidos específicos para realizar unha análise das características e condicións persoais de cara á saída como: o concepto que manexan de “calidade de vida” (E4, p. 62), que apoios teñen, que entenden por ter unha parella, que valores destacan, a que lle dan prioridade e a que se poden dedicar e que actitudes e aptitudes teñen para facelo.

Discusión

Dada a natureza do estudo e o seu carácter cualitativo, a análise dos datos realizouse a través dun modelo interpretativo e naturalista, fundamentado na lectura da información dende un contexto específico, evitando xeneralizacións. Dende esta perspectiva, cómpre realizar unha comparación dos resultados do estudo co marco teórico, sendo importante observalo de xeito gráfico como se amosa na táboa 4. Nela expónense os diferentes efectos valorándoos como *identificado* (existen persoas da mostra que o afirman), *non consta* (non se fai referencia nas entrevistas) ou *non se pode determinar* (se non existen datos suficientes) dependendo da ratificación ou non na presente investigación.

Táboa 4*Consecuencias da prisionización segundo a mostra consultada*

Somáticas	ID/NC/ND	Psicosociais	ID/NC/ND
Aumento do instinto de ataque	NC	Perda de autoestima	ID
Problemas de privación sexual	NC	Deterioro progresivo da imaxe do mundo exterior	ID
Problemas sensoriais	ID	Dependencia	ID
Visión reducida, deformacións na percepción visual e cegueira de prisión	ID	Regresión infantil ou infantilismo	ND
Alteracións na audición, no gusto e no olfacto	ID	Frustración	ID
Perda da conciencia dos límites corporais	NC	Índices de neuroticismo altos	ID
Medición incorrecta das distancias	NC	Esaxeración de situacións que resultan en conflito e violencia	ID
Falta de autocoidado da imaxe persoal	ID	“Desresponsabilización” (p. 17)	ID
Contracción e rixidez muscular	ID	Desconfianza, indiferenza afectiva e inseguridade emocional	ID
Debilitación corporal	ID	Sintomatoloxía ansioso-depresiva e estrés	ID
Alteracións do sono e do apetito	ID	Sensación de perigo constante	NC
Uso do propio corpo para a realización de accións violentas	NC	Deficiente xestión emocional	NC
Síntomas cardiovasculares, respiratorios e gastrointestinais	NC	Pensamentos obsesivos	ND
		Ataques de pánico, condutas autodestrutivas e suicidios	NC
		Trastornos da personalidade	ND
		Autoafirmación agresiva como forma de protección	ND
		Redución das habilidades sociais, de afrontamento de problemas e de toma de decisións	ID

ID: identificado NC: non consta ND: non se pode determinar

Nota. Elaboración propia a partir de García e Pacheco (2012), Castellanos (2021) e Mondéjar (2023).

Obsérvase, a nivel somático, a presenza de 7 elementos e 12 no marco psicosocial, habendo 4 deles que non se poden determinar. Tendo isto en conta, procédese a interpretación e discusión dos datos obtidos.

En canto ao termo de prisionización e a súa definición, considerando as variables expostas no marco teórico, pódese sinalar, en concordancia co exposto por Clemmer (1940), que as persoas que semellan atoparse nunha maior situación de prisionización (E1 e E2) son aquelas que levan ás costas unha longa condena, que non teñen moitos apoios fóra de prisión e que aceptan os valores e costumes da vida carceraria con rapidez. Ben é certo que hai outros compoñentes como a relación cunha personalidade inestable que non se puideron determinar. E3, a diferenza, é un exemplo claro de resistencia a integrarse nos grupos primarios da prisión, variable asociada a unha menor prisionización, así como tamén o feito de cumprir unha soa condena de 2 anos e 3 meses. Outra cuestión que se comenta nas entrevistas é a influencia da tenencia de emprego (destinos laborais nomeados en prisión) na mellora da situación en prisión (E2) que concorda coas variables estudadas por Escaff et al. (2013) sobre unha menor prisionización.

É de razón, entón, atender a medidas alternativas que reduzan os ingresos en prisión e que fomenten unha introspección como a mediación penal ou os traballos en beneficio da comunidade inmersas no artigo 84 da Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal que establece que:

El juez o tribunal también podrá condicionar la suspensión de la ejecución de la pena al cumplimiento de alguna o algunas de las siguientes prestaciones o medidas: 1.^a El cumplimiento del acuerdo alcanzado por las partes en virtud de mediación. [...] 3.^a La realización de trabajos en beneficio de la comunidad. (p. 36)

A prisionización é vista dende diferentes estudos como unha serie de consecuencias somáticas e psicosociais que se impregnan na vida das persoas presas. En xeral, existe unha coincidencia co marco teórico en relación á existencia de efectos derivados da estadía na cadea, porén a realidade non é tan absoluta e require de concrecións específicas en ambas áreas.

A nivel somático, tres persoas refiren sentir ou experimentar cambios, elemento apoiado na literatura específica no campo. Concretamente, é de destacar as alteracións da vista, do gusto e do olfacto e as alteracións do sono que predominan na maioría da mostra, así como as alteracións no apetito que camiñan paralelo ao exposto na teoría. Segundo as persoas entrevistadas, a condición física tamén muda, porén na forma na que o fai hai discrepancias, onde se amosa por E2 que colles peso e por E4 que perdes (sendo esta última

afirmación unha valoración fundamentada na observación de moitas persoas presas e a primeira nunha experiencia individual). Valverde (1997) explica o porqué destas consecuencias: a vista vese afectada pola estrutura arquitectónica das prisións constituída por iluminación artificial, cores pálidas e espazos pequenos e pechados que impiden unha visión ao lonxe, aparecendo a “cegueira de prisión” (p. 19) entendida como unha perda gradual da mesma; o oído sofre cambios debido a un son típico da cadea caracterizado por un constante rumor alto que se une á resonancia provocada pola configuración estrutural; o gusto vese prexudicado polas limitacións no sabor das comidas, aspecto que afirma E2 cando di que “cuando sales de no probar comida elaborada o tal parece que las cosas fuera te saben mejor” (p. 49); e o olfacto que tamén se deteriora polo olor representativo a desinfectante. A importancia destes datos recae na permanencia dos efectos coa saída en liberdade, sendo un determinante indubidable para a súa vida fóra de prisión.

Con todo, en aspectos como a falta de autocoidado na imaxe persoal non se chegou a unha conclusión clara polas diversas opinións; porén, considero importante apuntar a afirmación de E2 de que dentro te adoitas coidar máis a túa aparencia física e hixiene debido a comentarios como “mira ese que no se duchó, que pintas tiene” (p. 49). É un aspecto destacable relacionado, por exemplo, coa autoestima e incluso co código do recluso no que se incidirá máis adiante.

Desde o punto de vista somático é de vital importancia atender, polo tanto, á estrutura, disposición, organización e incluso colorimetría do espazo porque para a poboación presa representa as 24 horas do seu día, podendo supoñer damnificacións moi graves e irreversibles. Como se sinala na literatura específica e se recolle na investigación realizada, estas consecuencias perduran no tempo, ás veces ata de xeito permanente, implicando para as persoas que o viven un imposible afastamento da vida en prisión aínda estando, fisicamente, fóra dela. Subliña esta cuestión Segovia Bernabé (2009) sinalando que “los efectos perversos de la prisionización se proyectan más allá de los muros del presidio y, por desgracia, bastante tiempo después de conseguirse la excarcelación definitiva” (p. 19).

Ben é certo que carece de importancia cambiar o esqueleto espacial se nos esquecemos do marco psicosocial, na que a realidade semella máis crúa existindo tamén unha clara prevalencia cara á afirmación de que o cárcere esgota, quebrantando moitos aspectos da vida das persoas presas. Agás unha persoa da mostra, todas concordan no maiúsculo poder que ten a prisión no ámbito psicolóxico, sendo unha cuestión moi estudada e confirmada polas diversas investigacións.

A agresividade é un dos elementos de máis controversia da investigación, xa que a propia prisión obriga a desenvolver este carácter, confirmándose a aparición da mesma coa entrada en prisión e converténdose nunha das características máis predominantes. Non obstante, a investigación non pode confirmar nin refutar a idea da existencia da autoafirmación agresiva, xa que aínda existindo persoas que enlazan a agresividade coa protección persoal, non é un aspecto o suficientemente claro como para afirmalo. Neste sentido, as reaccións tamén teñen certas tinguiduras de agresividade asociadas á masificación das mesmas (“todo te molesta máis” E2, p. 49) que pretenden sustentar esa xerarquía que posúe cada persoa, é dicir, a agresividade convértese nun requisito para conservar a túa posición no conxunto da poboación presa e, polo tanto, non ser a persoa débil da que falaba E2 nas súas respostas. Os resultados obtidos presentan, polo tanto, a agresividade como unha necesidade en prisión, afastada do mundo exterior e asociada estreitamente coa fortaleza. Dende esta perspectiva, amósase como un requisito para manter unha posición vinculada aos grupos máis temerarios ou un lugar máis arredado do centro da subcultura carceraria. No primeiro dos casos é esencial recorrer á agresividade para que o resto das persoas te vexan forte e ousada e, polo tanto, eviten achegarse a ti ou, se o fan, que sexa de xeito respectuoso e sabendo que non están no mesmo rango dentro da organización da propia poboación presa. No segundo caso, o obxectivo vai máis conectado á desvinculación da dinámica de prisión, dando prioridade a un encontro desafortunado a amosar unha actitude de deixamento que poida dimanar en conflitos posteriores.

Como narran varios autores (Valverde, 1997; Echeverri, 2010), ademais das normas do propio centro penal, a poboación reclusa posúe outra normativa informal que crea unha base organizativa para a convivencia. Dende este código promúlganse principios como a non delación, o respecto, a lealdade, a hostilidade e a desconfianza cara ao funcionariado. A agresividade está unida a este código, xa que, aínda podendo supoñer algo positivo para as persoas internas por tratarse de normas creadas e cumpridas por elas, é instaurador de desigualdades polas desvantaxes dos grupos máis indefensos fronte aos primarios que incorren en sentimentos de ameaza e exposición a condutas violentas pola infracción do propio código.

Nestas normas tamén pode apoiarse a idea que manifesta a mostra sobre o non apoio do funcionariado, aínda non sendo o único móbil. No traballo de Rodríguez (2019) fálase da relación que hai entre profesionais e persoas reclusas existindo unha influencia directa sobre a súa calidade de vida, a adaptación e as consecuencias. Esta relación adoita ser de desconfianza mutua, xa que o funcionariado desconfía da persoa presa véndoa como unha manipuladora e elas desconfían do funcionariado por ser o seu castigador (Valverde, 1997).

Identifícase na investigación presente esa desconfianza, sobre todo, naquelas persoas que amosan unha maior prisionización (E1 e E2).

Pódese reflexionar, daquela, sobre un posible motivo común da agresividade e da desconfianza cara ao persoal das prisións: o código do recluso. Dende esta panorámica, pódese indagar sobre a función do funcionariado de seguridade e a contraposición desta á propia Constitución Española no seu artigo 25.2, xa que este adopta cargos asociados ao control e a vixilancia, minguando tamén a confianza. Polo tanto, para mellorar esta situación sería crucial incidir na meta real das prisións, intentando camiñar máis próximo á reeducación e reinserción, principios recollidos na LOGP enraizados a un cargo de labor asistencial e de axuda ás persoas internas e liberadas.

Non obstante, para falar de reeducación e reinserción é fundamental entender os conceptos e a súa natureza. Como afirma Tejada (2020) a inserción destes termos como base da prisión supuxo, sobre todo na reinserción, un debate debido a unha interpretación confusa do seu significado: por un lado, enténdíase que o obxecto era a persoa reclusa e polo outro, mantíñase a idea de que o verdadeiro propósito era a sociedade, convicción que se fundamentaba na reforma da sociedade como axuda para a diminución da delincuencia. Aínda así, concórdase nunha serie de requerimentos á hora de falar de reinserción social que Tejada define como “un conjunto de medios y actuaciones por parte del estado con el objetivo de favorecer la integración en la sociedad de aquellos que han sido condenados a una pena de prisión” (p. 15). Isto implica asumir o labor de eliminar aqueles impedimentos e obstáculos que a persoa puidese atopar no seu camiño e poñer en práctica todos os medios para que a medida sexa efectiva, así como tratar aqueles factores que contribuíron á comisión do delito co fin de minorar a reincidencia. Emporiso, a reeducación xerou menos controversia entendéndoa, finalmente, como “una orientación dada al delincuente por parte del estado (a través de sus diferentes mecanismos) con el objetivo de que adquiriera los valores pertinentes para poder vivir en colectividad” (p. 16).

Tendo isto presente é utópico falar de cambio no sistema de prisións sen incluír ao persoal que, como se comentou con anterioridade, exerce influencia directa sobre a poboación presa. A mostra da investigación dota de importancia relevante ao funcionariado á hora de falar de desconfianza e non apoio dentro da cadea, polo que fai reflexionar sobre os posibles motivos engadidos ao mencionado en parágrafos precedentes (o código do recluso). Nesta discusión sinálanse dous que poden ser determinantes: a formación para acadar o posto e a subordinación do Réxime ao Tratamento. A formación está asociada maioritariamente, á organización do Estado, á xestión de persoal e financeira e ao dereito

penal (Ministerio del Interior, 2024), deixando nun segundo plano todo o relacionado coa conduta humana e o entendemento da mesma. Evidénciase, polo tanto, un enfoque máis vencellado á seguridade e ao control e menos á reinserción e reeducación. O segundo motivo, o principio de subordinación do Réxime ao Tratamento, segundo expón a mostra participante neste traballo e autores como Rodríguez (2019) ou Valderrama (2013), semella non cumprirse.

Con todo, unha visión enfocada na Educación Social que contempla a realidade das prisións fundamentada na reinserción e reeducación, non pode asumir un discurso de castigos e recompensas que intenta «educar» dende accións punitivas e inxustas que favorecen a unha parte da poboación presa fronte a outra como reafirmaba a educadora social entrevistada. Deste xeito, poténcianse os procesos educativos que condenan constantemente á parte máis débil, desprotexida e excluída. Por este motivo, cómpre desenvolver un pensamento crítico cara o concepto de educar, xa que toda institución educa incluso a penal pero non o debería facer en relacións de poder que deixan claro que posición ocupa cada persoa dentro da cadea (Martín e Vila, 2016).

Aínda tendo conciencia sobre isto, veñen sendo sinalados certos obstáculos que dificultan a entrada da Educación Social nas prisións. Valderrama (2013) e Martín e Vila (2016) destacan entre eles a concepción xeral do cárcere como espazo de castigo, a seguridade e o control como principios dominantes da vida en prisión, a educación en segundo plano e presentada como exhibición para mellorar a imaxe social do encerro, a burocratización da organización penal, a escasa ou nula participación da poboación presa na vida carceraria ou a visión psicolóxica e clínica dos procesos educativos, entre outros elementos.

Neste horizonte, é de gran significación dar unhas pinceladas sobre a posición da Educación Social dentro do ámbito penal no marco do acceso profesional ao mesmo. Historicamente e debido á inexistencia de profesionais da Educación Social para ocupar este posto de traballo, o acceso realizábase dende a figura do funcionariado de vixilancia que, acreditando unha titulación no ámbito das ciencias humanas e realizando un curso de capacitación, xa podía optar a traballar como «persoa educadora».

Esta realidade perdura ata a actualidade² aínda habendo, en primeiro lugar, a Diplomatura de Educación Social e, en segundo, o Grao en Educación Social, polo que manter esta maneira de acceso ao posto semella non ter sentido. Dalgún xeito, como explica Martín e Vila (2016) esta forma inxusta e antiga de acceso fai que a persoa educadora non valore o seu traballo nin sexa valorado polos demais, incrementando o desánimo. Asemade, tamén se une a vinculación estreita con tarefas burocráticas que difuminan as funcións propias da profesión, parecendo, incluso, interesar que isto se manteña pola posta en marcha de posibles accións socioeducativas contaminadas que “sólo dependan de la buena voluntad más que de la profesionalidad” (p. 24).

Relacionado co anterior, xorde a desresponsabilización e o aumento da dependencia da poboación presa que, como indica a educadora, é un aspecto que se mantén fóra da cadea; polo que volve a ser fundamental incidir nun cambio de organización da prisión que non estea tan suxeito a xerarquías estruturais que fomenten a responsabilidade nuns poucos e a obediencia ameazada con castigos noutros moitos.

Seguindo coas consecuencias mencionadas pola mostra da presente investigación e aínda que a maioría das autorías mencionan a ansiedade como un elemento principal, a mostra incide máis na rabia e na impotencia como sentimentos protagonistas, reforzando as investigacións de Ayala e Riveros (2021) ou Pérez (2022), entre outras. Nesta liña tamén se engaden, ratificando o disposto na literatura, a perda de intimidade, a ausencia de expectativas, a desesperanza e a soidade, así como a perda de autonomía e autoestima, a desconfianza, a impulsividade e a irritabilidade. Esta sensación asóciase tanto cara ao funcionariado como cara á propia institución que para eles, é a que lles priva da liberdade; polo que se vincula ao persoal co establecemento aumentando esa desconfianza da que se falaba previamente e converténdose na causa do protagonismo deses dous sentimentos.

Noutra rama, a expresión de emocións e sentimentos tamén é un tema a debater xa que, aínda que a resposta específica á pregunta denota afirmación, o contraste con frases posteriores fai entrever que non é unha realidade tan definitiva. Tras a realización completa das entrevistas dáse a coñecer a realidade desta cuestión resultante nunha non exteriorización de sentimentos, idea ratificada en frases como “evidentemente nunca me

² Agás en Cataluña que é recoñecida a Educación Social a través da Especialidade de Educación Social no Corpo de Diplomados da Generalitat de Cataluña no ano 2002. Nunha das opcións para o acceso ás oposicións engaden como requisito a disposición do título de Diplomatura ou Grao en Educación Social (Viñes, 2022).

vieron llorar” (E1, p. 44). Porén, cando se lle fai a pregunta de se cando estaba triste o dicía responde que “sí, claro” (p. 44). Isto faime reflexionar sobre a idea de que pode estar intentando dar unha visión sobre a súa integridade como persoa, afirmando que non falla a súa palabra e non ten medo a presentarse ante o resto do xeito que é, situación aliñada ao concreto espazo da prisión e á necesidade, ás veces, de ocultar as emocións para protexerte, cuestión moi arraigada ao mencionado da agresividade. Este punto está ligado á autoestima xa que, como indica Escaff et al. (2013), o feito de vivir este proceso inflúe no xurdimento dunha necesidade reinante de autovalidarse e sobresaír en relación ao resto, existindo unha constante comparación con aquelas persoas que non experimentaron a estada en prisión; estando, polo tanto, tamén relacionada coa agresividade.

Nesta liña, a autoestima, aínda aparentando sobreelevada, non parece ser así cando se lle pregunta por ela dun xeito máis específico, volvendo a ser o funcionariado unha peza influínte. Esta escena require dun enfoque máis educativo provido de profesionais da Educación Social con formación nunha acción socioeducativa que promova a participación activa da poboación presa e espazos de atención personalizada cara o coñecemento e resolución das súas demandas, que é unha das peticións de E2 na intervención en prisión.

Da mesma maneira que no ámbito somático, o psicosocial tamén leva consigo consecuencias que se manteñen no tempo. Segovia Bernabé (2009) fala da necesidade dun tempo de reaxuste, normalización e adaptación á vida en liberdade que se adoita manifestar a través de ansiedade, insomnio, problemas de concentración e medo á detención, polo que volve ser de especial importancia a acción socioeducativa que axude a “desamoldarse” (E4, p. 62) da realidade vivida en prisión. Ademais, igual que se amosou nas respostas das entrevistas, créase un sentimento de desconfianza xeneralizado e unha redución da capacidade de tomar decisións ou planificar a súa propia vida.

A acción psico-socioeducativa convértese, entón, nun pilar fundamental para a mellora e/ou superación da situación á que se enfrontan as persoas presas dentro e fóra do propio cárcere. Incídese nisto porque a LOGP especifica no seu artigo primeiro que as institucións penais “tienen a su cargo una labor asistencial y de ayuda para internos y liberados”, deste xeito reúne todas as actividades, recursos, actuacións e iniciativas que fomenten a reinserción e reeducación das persoas na estada en prisión e na saída en liberdade. É un elemento que cómpre observar porque parece que a atención ás persoas que estiveron en prisión se reduce ao tempo vivido dentro da institución (manténdose só no ámbito financeiro a través do subsidio de excarcelación que non proporcionan ata pasados uns meses), eliminando a intervención fóra da mesma e trocándose nun reto para a Educación Social.

Este reto tamén se extrapola á manifestación da mostra da non efectividade dos recursos que se ofrecen en prisión, non cumprindo os obxectivos establecidos na CE. Quizais se debería optar por espazos máis humanizadores que alimenten a motivación e participación da poboación privada de liberdade e, polo tanto, que se insiran en ditos recursos polo beneficio emocional, físico, relacional ou/e psicolóxico que lle poida supoñer e non para conseguir uns puntos que, como se define no argot carcerario, «che fan ser mellor preso», xerarquizando, como di a educadora, en “presos de primeira, de segunda e de terceira” (p. 63). Outra proposta iría aliñada a ofrecer recursos fundamentados nas demandas da propia poboación presa que cumpra cos obxectivos da prisión e incida en temáticas como as habilidades sociais, a autoestima, a capacidade de responsabilizarse, os estilos de comunicación... que camiñen paralelo a un cambio de enfoque da propia institución, enlazado a unha atención máis individualizada e unha organización máis flexible, como demanda E2, que axude a que estas iniciativas sexan realmente efectivas.

Esta efectividade ademais de ser un aspecto interno dos contidos dos propios recursos, tamén é necesario analízalo dende a cantidade de programas específicos de intervención que existen na prisión. A educadora afirma que as drogodependencias e o tema máis tratado dende entidades externas, aspecto que se ratifica no estudo de 2023 da Unión de Asociaciones y Entidades de Atención al Drogodependiente (2023) cun 92% das persoas enquisadas que afirman que teñen ou tiveron no pasado problemas coas drogas. Este pode ser un dos motivos polos que é a intervención máis realizada dende fóra sexa a relacionada coas adicións que vai da man de 5 programas específicos de intervención no ámbito dende a propia prisión (Instituciones Penitenciarias, 2024), en contraste coa existencia, na maioría dos ámbitos e colectivos, dun só programa (agresor sexual, alcoholismo, discapacidade, xogo patolóxico, etc). Polo tanto, a resposta da educadora é revalidada por fontes teóricas e resultados de investigación, e xustificada no elevado número de persoas presas que teñen ou tiveron problemas coas drogas e a cantidade de programas que se realizan dende a propia organización carceraria.

Conclusiones

Finalmente, cómpre achegar unhas breves conclusións, incidindo, especialmente, en ideas chave, en aspectos relacionados coa investigación na súa totalidade e en aprendizaxes beneficiosas para o desenvolvemento profesional futuro, rematando cunha valoración final sobre as posibilidades e limitacións da Educación Social no ámbito penal.

Esta investigación apoia á multitude de estudos que existen afirmando a presenza de consecuencias graves derivadas da estancia en prisión. Aínda que estas aparecen en

ámbitos moi variados (emocional, relacional, físico...), diversas autorías diferencian entre somáticas e psicosociais, entendidas ambas a través do estudo do malestar psicolóxico que provoca o ingreso e a vivencia na cadea por un determinado tempo. Estes efectos dependen de elementos como a duración da condena ou a ausencia de vínculos externos, producíndose unha maior ou menor prisionización. As consecuencias estudadas que máis destaca a mostra son, a nivel somático, as alteracións dos sentidos sensoriais e do sono e, a nivel psicosocial, a agresividade e a non exteriorización de emocións e sentimentos. Sobresae na investigación a variedade de opinións e a diverxencia, incluso, entre as diferentes respostas dunha soa persoa. Con todo, pódese identificar unha concordancia co marco teórico na meirande parte das respostas, podendo determinar a coincidencia, en diferentes graos, de 13 dos 15 elementos estudados a nivel físico, psicolóxico e relacional (sentidos corporais, condición física, hábitos de alimentación, posibilidade de descanso, agresividade, estado anímico, autonomía, expresión de emocións, reaccións, autoestima, capacidade de control sobre a vida, adaptación ao centro penal, adaptación á poboación presa, confianza co persoal e compañeiros).

As reflexións realizadas no traballo van ligadas á necesidade dun enfoque educativo na prisión que pode vir acompañado da inserción de profesionais da Educación Social que cumpran funcións como as expostas no Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (2017):

- Acompañamento e atención personalizada cara o coñecemento directo e mellora da situación e demandas das persoas presas.
- Presentación de propostas de medidas socioeducativas para superar demandas ou carencias a nivel persoal e/ou grupal.
- Deseño, execución e avaliación de programas de actividades socioculturais, deportivas e lúdicas, así como daqueles de educación para a vida cotiá como paso previo á saída en liberdade.
- Participación activa no equipo técnico multidisciplinar e coordinación co resto de profesionais.
- Orientación e asesoramento na formación profesional.

Nesta relación intégranse todo o conxunto de tarefas vencelladas ao traballo individual e/ou grupal en ámbitos como a autoestima, a responsabilidade, as habilidades sociais e de comunicación, a inserción laboral, a toma de decisións, etc. ou ao seguimento do itinerario socioeducativo das persoas ex-reclusas, sinaladas como prioritarias ao longo do Traballo de Fin de Grao.

Outra das ideas chave da investigación é o cambio tanto da estrutura da prisión que favorece as relacións de poder, a xerarquización da poboación presa e, polo tanto, as consecuencias negativas da prisionización; como o estigma da sociedade que encaixa ao colectivo nunha etiqueta de persoa ex-reclusa que dificulta a inclusión e obstaculiza a súa plena inserción social e laboral na vida fóra da cadea. As persoas que experimentaron a estadía en prisión levan consigo unha listaxe de secuelas, ás veces permanentes, que as manteñen dentro do cárcere estando xa libres.

Como remate e tendo en consideración os obxectivos formulados ao comezo da investigación, pódense concluír unha serie de aspectos en relación a cada un deles:

- Obxectivo xeral: analizar as consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas tanto nos centros penais como na súa reincorporación á vida en liberdade.

A realización das entrevistas a tres persoas ex-reclusas, que respondían dende a súa experiencia persoal e incluso dende a visión conxunta da prisión, e o enfoque dunha educadora social que leva cinco anos observando as consecuencias nas persoas presas permitiu a comprensión máis próxima desta realidade. Ben é certo que a investigación non pretende xeneralizar os resultados, senón aumentar o coñecemento no ámbito da prisionización a través da opinión de tres persoas que viviron a estancia en prisión e unha que traballa con elas. Dende esta perspectiva, pódese determinar que, tendo en conta a mostra, se conseguiron analizar as consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas, identificando aquelas físicas, psicolóxicas ou relacionais que se mantiveron ou se manteñen coa saída en liberdade.

- Obxectivo específico 1: conceptualizar o termo de prisionización e as características que o definen.

A definición do termo de prisionización foi realizada a través de múltiples e variadas autorías, identificando as variables asociadas e as diferentes fases que o constrúen. Especificáanse, ademais, as consecuencias derivadas dese proceso de adaptación entendidas, maioritariamente, dende o ámbito somático e psicosocial. En xeral, fíxose unha revisión bibliográfica que permitiu detallar as características do concepto que foron ratificadas coa realización das entrevistas, observándose variables directamente relacionadas cun maior ou menor nivel de prisionización.

- Obxectivo específico 2: identificar a incidencia das consecuencias da prisionización nas persoas ex-reclusas analizando a súa opinión e a dunha profesional da Educación Social no ámbito penal.

As catro entrevistas realizadas posibilitaron, ademais da identificación das consecuencias da prisionización, o coñecemento da incidencia destas na vida das persoas ex-reclusas, amosándose unha clara repercusión na súa cotiandade en liberdade. Os resultados afirman o mantemento fóra de prisión das consecuencias xeradas polo encerro, sendo determinantes para o afastamento da vida en prisión aínda estando, fisicamente, fóra dela.

- Obxectivo específico 3: concienciar sobre a necesidade dun enfoque socioeducativo en prisión a través da inclusión de profesionais da Educación Social no cadro de persoal.

A investigación na súa totalidade permite reflexionar sobre a necesidade dun cambio de enfoque no ámbito penal vencellado ao educativo e social e, polo tanto, a profesión da Educación Social non inserida no cadro de persoal, agás Cataluña. É, de feito, a esta Comunidade Autónoma a que se refiren autores como Ruiz (2022) para formular a necesidade de incorporar ao corpo técnico esta figura, entendida como capaz para elaborar programas e proxectos de tratamento e modelos de intervención individualizada, así como para realizar análises de problemas, necesidades e demandas e participar na Xunta de Tratamento como persoas activas nas decisións tomadas.

Noutra liña, cómpre incidir na necesidade de poñer en funcionamento unha materia específica de prisións no grao de Educación Social, sendo moi importante para a inserción laboral neste ámbito. Xa que, dende a miña perspectiva, perde algo de sentido a loita para introducir a profesionais desta rama se non temos formación no propio grao sobre o colectivo, as súas demandas e necesidades, os aspectos a ter en conta na acción socioeducativa, etc. Así como si que existen materias como «Acción Socioeducativa nas Adicións», que pode servir para a actuación con ese 92% da poboación presa que presenta ou presentou problemáticas coas drogas, precísanse coñecementos máis achegados ás consecuencias da prisión e a intervención con este colectivo que permitan o desenvolvemento das funcións profesionais da Educación Social.

Con todo, a realización do Traballo de Fin de Grao supuxo unha serie de aprendizaxes que poden axudar no meu desenvolvemento como profesional, neste ámbito. Entre esas aprendizaxes destacan:

- O coñecemento do contexto da prisión, do colectivo e das consecuencias derivadas. Serve para a mellor comprensión das necesidades e demandas das persoas presas que deriva nunha intervención socioeducativa máis acorde ao realmente requirido. Saber das consecuencias tamén me fai aprender sobre a diversidade de opinións que

existen nos suxeitos que, aínda experimentando a estancia en prisión, hai moitos factores que mudan a maneira na que se vive. Deste xeito, fortifícase en min a idea da individualización e do requisito imprescindible de personalizar cada intervención aínda tendo conciencia do seu marco teórico.

- Incidir na familia e na contorna como factores esenciais para a intervención. A investigación abriume os ollos sobre a influencia incuestionable dos apoios máis achegados á persoa e da contorna social e física na que se insire esta, sendo un aspecto a ter en conta á hora de realizar un itinerario, tanto dentro como fóra de prisión.
- Importancia da participación activa da poboación presa. É de especial mención entender ás persoas privadas de liberdade como parte da institución, pero non só como meras peoas, senón como suxeitos activos do seu camiño.
- Maior entendemento de reaccións ou comentarios que, ademais de aumentar a miña sensibilidade no tema, tamén me axudan a intervir dende un pensamento máis crítico no que diferenciar realidade de posible esaxeración que provoca a propia estancia na cadea. Deste xeito, haberá a posibilidade de crear itinerarios máis arraigados á eliminación ou diminución dos efectos da prisionización.

Asociado a estas aprendizaxes, é de interese engadir que as competencias propias da titulación tamén camiñan da man da investigación, sendo determinantes para a realización do Traballo de Fin de Grao, de xeito específico as que se presentan a continuación expostas na Memoria do Título (Universidade de Santiago de Compostela, 2024):

- Competencia Xeral 2 (CG2) relacionada coa capacidade para analizar as realidades educativas, sociopolíticas e culturais nas que se desempeña o labor profesional da Educación Social.
- Competencia Transversal 3 (CT3) asociada ao desenvolvemento dunha actitude autocrítica e de reflexión.
- Competencia Específica 1.4 (CE1.4) presentada como a capacidade de “seleccionar y hacer uso de métodos y medios orientados al conocimiento de las realidades educativas y sociales, emitiendo juicios razonados sobre las informaciones obtenidas y su utilidad para el desarrollo de su práctica profesional” (p. 6).
- Competencia Específica 1.6 (CE1.6) que fala da identificación da Educación Social como profesión da educación que posúe funcións e tarefas diferenciadas e de acción socioeducativa.

Como valoración final, engadir o acordo con Fabra et al. (2016) cando afirman que “la Educación Social y el ámbito penitenciario son un binomio necesario” (p. 151) dende o establecemento dunha serie de posibilidades e limitacións no marco.

En primeiro lugar, expoñen a dificultade para valorar a necesidade e os beneficios da acción socioeducativa nun contexto pechado como son establecementos penais. Isto parécese esencial debido á desvalorización, non só nas prisións, que existe sobre a rama socioeducativa, usurpando funcións educadoras persoas sen cualificación, á afirmación de que todo o mundo o podería facer e obviando esta profesión no cadro de persoal de moitas entidades. É un problema bastante grave e espallado na sociedade, supoñendo que a Educación Social é un labor de toda a cidadanía e, polo tanto, non necesita de profesionais específicos. Emporiso, aínda sendo un cambio que require dun longo período e moitas modificacións, ten que ir sempre acompañado dun proceso de reflexión, motivación e decisión e onde a Educación Social volve a ser relevante.

E2: Bueno, despertar por las noches no solía pasar, pero, lo de dormir intranquilo sí, pero sobre todo por problemas de fuera. Y en esta última campaña tenía muchas cosas a las que atender fuera y se me volteó la cabeza, nadie sabía lo que me pasaba, no me reaccionaba el cuerpo y me hicieron un montón de pruebas y no sabían porque fuera. Tú me hablabas, yo te quería contestar y no me salían las palabras. Después quería coger, por ejemplo, el café, yo quería coger el café, pero no era capaz de coger la mano y coger el café. Es que no me reaccionaba el cuerpo. Pregunté que pasara, al principio pensaron que era por alguna droga y había tenido un vis a vis y pensaron que había metido yo algo. Pero me hicieron analíticas y no dió nada de las drogas. Al final creo que fue por la tensión y por todos los problemas que tenía fuera y cuando ya estaba todo solucionado, se me debió relajar el cuerpo y fue cuando se me volteó la cabeza. Eso es lo que pienso yo porque lo hablamos con los médicos y todo. Al final cuando mejor estaba fue cuando me dió, y yo creo que fueron todas las preocupaciones.

E: A raíz de lo que estabas diciendo, ahora vamos a hablar un poco a nivel psicológico. ¿Qué cambios destacarías en este ámbito?

E2: Las prisiones ahora a nivel psicológico te desgastan muchísimo, incluso mucho más que tiempos atrás. Yo, por ejemplo, en esta última campaña tenía tres juicios pendientes y fue a la abogada, me quedaban dos meses para salir y le dije que hiciera lo que le diera la gana pero que tenía que salir o me moría allí dentro. Te destroza porque te engañan mucho, psicológicamente no te ayudan en nada y además te mentían a la cara. Te decían que te iban a dar un permiso y después era el mismo que firmaba que te lo denegaba. Podías ir a que te atendieran, pero no te escuchaban y después echabas los permisos y ya te decían no, si no tienes la mitad nada, cuando tú tienes derecho con la tercera parte ya. Que no te lo den y punto, que te lo denieguen, pero que no te engañen. A veces saber tus derechos y tus leyes es peor porque ya piensan que vas a hacer lo que te de la gana. Yo creo que psicológicamente ahora las prisiones te desgastan mucho más que antes, te dejan desquiciado por esas cosas que te digo. Te pisan y te desvaloran como persona. A mí antes, yo me crié en la calle, las cárceles no me afectaban y no perjudicaban seriamente y en cambio esta última que entré, lo que cambió de aquellos tiempos que eran más peligrosas y ahora son menos peligrosas, por ejemplo, por los módulos terapéuticos, pero psicológicamente te destrozan mucho más.

E: Y en cuanto a tu agresividad, ¿piensas que cambió dentro de prisión?

E2: Yo, por ejemplo, de esta vuelta la reducí cuando se me volteó la cabeza, pero no te puedo decir... Nunca fui una persona agresiva entonces, pero si que puedes llegar a coger costumbres. Hay gente que cambia las formas de como son, se hacen los duros o enseguida

protestan por todo. Yo conocía compañeros, que los conocía de fuera, y después de pagar condena y salir de prisión verlos muy cambiados. A mí personalmente, no sé, no te puedo contestar porque no soy agresivo.

E: Y en cuanto a tu estado de ánimo, ¿qué era lo que más sentías dentro de prisión?

E2: Mucha rabia e impotencia y ansiedad porque cuando ves que te deniegan tus derechos, cuando vas a hablar con ellos se te ríen a la cara. Empiezan a decirte cosas para que montes un jaleo, para que te puedan meter un parte o puedas perder... Por ejemplo, a mí en esta campaña los primeros permisos me los dió la jueza, a mí allí nunca me los dieron ni por ir a la escuela, no tenía partes ni nada. A veces discutía con ellos porque no querían que echara permisos durante la condena, yo echaba permisos, no le gustó nada. Y bueno, todas estas cosas te crean muy malestar y rabia y como persona pues dices "yo no valgo nada", te desvaloras. Si te gusta hacer algo pues aún te apuntabas a los cursillos, por estar haciendo algo y ya te desmotivas, ya para que lo voy a hacer, esta gente no se merece nada. Y entonces te empiezas a hablarle mal a ellos, a ponerte en contra de ellos, a desconfiar, a veces te dejan como una basura, porque te dejan como una basura. Pero si la sensación es esa, de rabia y de impotencia. Y ese malestar de decir "pero si solo tienen que hacer su trabajo y hacer las cosas bien". Llegué a pensar que no merecía la pena. Pero, si que de esta última campaña me ayudó el módulo terapéutico, me fue muy beneficioso porque ahí si que te ayudaban. Y te enseñaban cosas que ahora veo que fuera me están sirviendo, pero dentro piensas que no te valen para tanto. A veces parece que no te valen de nada pero a veces no das tiempo a utilizar esos recursos, esas herramientas... Aprendes a como hablar, ahora con la familia ya no me estreso tanto y no tiro tan pronto la toalla. Y un aquí en Aliad hicieron un taller de emociones y me ayudó cuando fue lo de mi madre a saber lo que era, a que viene... y eso y claro, yo no sabía porque estaba nervioso y al saberlo ya estaba mejor. Por ejemplo, al principio cuando no sabía lo que era, te pones más nervioso, alterado. Cosas de esas son las que fueran te valen.

E: Y en cuanto a tu autonomía, ¿que grado de autonomía piensas que tenías dentro de prisión?

E2: Dentro de prisión la autonomía era muy limitada, tenía yo cincuenta euros al mes, que bueno, es dinero pero claro, yo fumaba, después si querías otra comida, mi madre estaba mala y quería llamarla continuamente... en prisión todo está muy caro, se gasta mucho dinero y entonces pues tenía que buscarme la vida de alguna manera para sobrevivir realmente, sin pasar muchas penas. Entonces, la autonomía en las primeras campañas mal, en esta mejor porque estuve trabajando y tal en el office, si tienes un destino remunerado, aunque te paguen poquito, pues te ayuda con la autonomía. En la anterior si que tenía que hacer trapicheos con la medicación o con el tabaco y esas cosas te valen para comer, para comprar latas o bocadillos...

E: Y en cuanto a la expresión de emociones y sentimientos...

E2: A ver los sentimientos allí son más fuertes, cuando estás contento, estás más eufórico, cuando te estás triste, yo me veía aún más triste y tienes más tiempo para pensar. Fácilmente, como tienes mucho tiempo que te agobies, que estés más veces triste que contento.

E: ¿Y expresabas esos sentimientos?

E2: No, con los compañeros no, porque al final estás abajo y te evades, jugando al parchís y no se te va a notar. Cuando más lo notas es cuando te encierran o momentos en los que no estás jugando, estás tú solo. A ver si es algo más grave, ahí si que ya te lo notas los

compañeros y te preguntan, en cosas que te preocupan realmente. Ya te lo notan en la cara aunque no lo digas.

E: Y en la relación a lo que decías de que las cosas se magnifican mucho más, ¿tus reacciones piensas que también cambiaron?

E2: Si, alguna vez seguramente si que se magnificaron. Siempre saltas más rápido, te molesta todo más.

E: ¿Y fuera de prisión?

E2: Pues si, ahora creo que tengo menos aguante que antes, salto más, soy un poco más impulsivo.

E: Y en cuanto a tu autoestima...

E2: A ver ahora la autoestima la tengo bastante bien pero bueno, en 2015-2018, mi autoestima allí dentro me la echaron por los suelos, mucho. Ahora me doy cuenta que tenía que salir de allí para volver a recuperarla y saber quien soy yo. Pero yo allí dentro la tenía super baja de decir "o me sacas de aquí o me muero". Pero no porque estuviera en peligro ni que estuviera intimidado ni por miedo a la gente, si no por ese malestar psicológico que tenía, todo te pesa más y te hundes. Piensas que ya no merece vivir por nada, que que cojones estoy sufriendo... Pero es que muy, muy, muy, muy baja. Lo único que te ayudaba a subir esa autoestima era la familia, la gente que te quiere y piensas que tienes que aguantar porque están fuera esperándote. Pero si realmente no tienes a nadie fuera, eso debe ser loquísimo. Aún así hubo un momento que me daba todo igual porque me volví a enganchar, tenía condenas pendientes encima... y decía "joder, ya no merece la pena". Y luché por mi sobrina, pero al principio parecía que iba a entrar y ya ni salir. Estaba muy mal y salí muy mal de allí. Yo creo que cuenta mucho como sales de prisión, si sales bien pues aún puedes llorar y así, pero si sales ya con la autoestima baja, aunque tengas el apoyo de la familia y todo, tu familia siempre va a tener esa desconfianza, y sales tan mal que es muy difícil aguantar. Al final es muy probable que acabes en las drogas o acabar en la calle.

E: Y para acabar este bloque, sobre la capacidad de control que tenías dentro de prisión sobre tu propia vida...

E2: Yo pienso que es muy bajo, allí si te quieren quitar la vida te la quitan muy rápido, si realmente estás en peligro y tienes un problema, tienes un 80% de riesgo. Pero bueno, ahora las cárceles no son tan duras como antes, siempre se lo van a pensar antes de darte una puñalada.

E: A nivel relacional, te voy a preguntar por tres cosas, lo primero la adaptación a las normas y a las costumbres del centro en si...

E2: Bueno, yo a las normas me suelo adaptar bastante bien y al estar en el reformatorio ya pues ya me pusieran unas normas y tal de comer, acostarse y así. Entonces ya lo había vivido y fue más fácil. A ver te cuesta adaptarte y llevar las normas, no son fáciles y más si estás acostumbrado a vivir a tu aire, pero no tuvo mucha complicación.

E: ¿Y la población presa?

E2: Las normas de prisión, más o menos, ya las conocía porque son las normas de la calle. Bueno, antes era así, ahora esas normas ya están cambiando y no se están cumpliendo. Son normas de "no te chives", no tiene que haber una palabra muy alta, y aunque tú no fueras agresivo, tenías que serlo en ese momento. Hay muchos enfrentamientos que si es por ti los evitarías o no le das importancia a esa palabra o a ese tono, pero al estar ahí dentro no lo puedes permitir y decirle "¿cómo me contestar así?" y a lo mejor si te vuelve a contestar tener una pelea. Yo allí dentro había cosas que en la calle las evitaba, pero en la calle no está todo

o mundo mirándote y no es que mañana no las ves, que estás conviviendo con esa gente 24 horas. En la calle, uno me puede contestar un poco más alto y puedo no contestarle y queda entre nosotros, pero allí dentro esa palabra queda entre nosotros y todo el mundo y si ven un poco de debilidad, se te van a echar todos encima. Entonces prefieres tener ese día ese problema con esa persona que tenerlo después con 20 personas. Así que, en ese sentido, yo las normas las conocía, pero entras con miedos igual. Y bueno, después las trampas talegueras también pasé por ellas, allí por nada se magnifica pues yo te dejo una cosa, pues ahora tú me tienes que pagar lo que yo te diga.

E: Y en cuanto a la confianza o desconfianza que tenías con compañeros, funcionariado y equipo de tratamiento...

E2: Bueno, la confianza realmente fue nula, por ejemplo, en esta última campaña yo quise confiar en el equipo técnico y ví que no valía la pena, no se me ayudó entonces ya perdí esa confianza. A mí me costaba mucho coger confianza y expresarme, cosa que ahora hago mucho, antes me cortaba y hablaba lo justito. Antes decía "quiero un permiso" y ahora ya explico más "quiero un permiso porque quiero hacer esto, tal". Yo antes era muy antisocial, ellos son tus enemigos. Y después con los compañeros tenía confianza con los que comía al día y bueno, podías hablar un poco de tus problemas pero tampoco mucho, cosas como que te pasaba dentro, a quien vas a ver o tal y no mucho más. A ver, esta última, con los funcionarios siempre me he llevado bien pero no confianza, hago esto, hago lo otro y listo, nada más. Yo me portaba bien y me ponían trabas aún haciendo las cosas bien. Siempre había desconfianza. Y con ella tuve confianza y algo con el educador. Pero bueno, en las anteriores, confianza 0, también por como era yo que no quería dar explicaciones porque no tenía porqué.

E: A nivel familiar, antes hablamos de la relación que tienes ahora, ¿antes tenías la misma relación que tienes ahora? ¿cres que cambió con la entrada en prisión?

E2: No, realmente la relación es la misma. A ver un poco más de desconfianza por su parte. A nivel familiar no creo que cambiara, a nivel social creo que si que te perjudica un poco porque "este ya estuvo en la cárcel, tal". Pero yo creo que incluso más por ser drogadicto que por estar en la cárcel. Pero si que te perjudica mucho estar en la cárcel, incluso para conseguir trabajo.

E: De los ámbitos que hablamos, ¿alguno que quieras añadir, algún cambio que notaste que no comentamos?

E2: Los cambios que más noté fueron en la UTE, salí mucho mejor que de las otras, más estabilizado, con las ideas más claras. Si que tuve muchos altos y bajos porque tuve una recaídas y se me pusieron muchas trabas. Y sobre todo mucha angustia. Si que es verdad que antes era más impulsivo y agresivo, era muy brusco, era mal hablado y con chulería y ahora pues si estoy enfadado puede ser impulsivo pero ya no soy agresivo.

E: ¿Y qué piensas que fue lo que te ayudó a que eso cambiara?

E2: A lo que más lo achico es a cuando me pasó lo de la cabeza y después también a la UTE, lo de empezar a trabajar que nunca había trabajado en prisión y todo eso fue lo que me ayudó. Lo primero de todo es que quieras tú, sino el resto no vale de nada por mucho que te ayuden, lo importante es que tú quieras hacerlo. La base es que tú quieras y que tengas motivos para hacerlo.

E: Ahora pasamos al último bloque ya que va relacionado con esas cosas que te ayudaron a estar mejor, por ejemplo, Aliad. Si prefieres comentarme tú...

E2: Aliad me ha ayudado siempre, tanto en prisión como fuera de prisión. Yo también tengo esa confianza y por eso fueron las que más me ayudaron a lo largo de mi vida. Bueno, porque realmente fue en las únicas que confié, cuando tenía problemas, sólo hablaba con ellas. Después también la psicóloga esta que te dije y la UTE. Y luego pues los trabajos. Un trabajo es esencial, lo primero por lo económico. Esas fueron las cosas que yo creo que me ayudaron.

E: Hablamos de muchas consecuencias de prisión y a raíz de ahí te pregunto ¿qué consideras que falta en prisión para que estas consecuencias no sean tan duras? Por lo que me decías, por ejemplo, a nivel psicológico.

E2: Buff, yo, de X prisión cambiaría prácticamente todo el personal, el personal antiguo, los jóvenes no porque vienen bien lo que pasa es que acaban adaptándose a ellos. Además, falta más atención personal, si tú eres muy firme en tus normas y muy rígido, va a haber un porcentaje de que sea bueno mucho más pequeño. Claro que lo va a haber pero mucho más pequeño porque con toda la carga que tienes encima, con esas normas tan estrictas, cuando estés fuera te vas a desahogar y te pierdes. En general, un poco más personal y que no te engañen tanto.

E: Finalmente ¿algo más que quieras añadir?

E2: Nada.

E: Perfecto, pues muchísimas gracias por tu participación y por tu sinceridad.

Anexo V. Transcripción entrevista 3

Data: 7 de maio de 2024.

Lugar: Aliad Ultreia. Rúa da Milagrosa, 99, 27003 Lugo.

Medio: presencial con gravación de audio en ordenador portátil (gravadora de son) e teléfono móbil (gravadora de voz).

Persoa entrevista: X.P.D. ex-recluso.

Entrevistadora: E.

Entrevistado: E3.

E: Comezamos coa entrevista cuns datos persoais. En primeiro lugar, a súa idade.

E3: Eu teño 58 anos.

E: Nivel de estudos?

E3: Poucos.

E: Vale, situación laboral actual?

E3: Busco traballo.

E: Ingresos totais en prisión? Cantas veces entrou?

E3: Unha só, a primeira.

E: E a condena, de canto tempo foi?

E3: A condena aínda era ben, pero botei dous anos e tres meses.

E: A relación que ten agora coa súa familia?

E3: Si, teño, coas miñas irmás. A máis vella case todos os días me chama e outra que está en [...] tamén me chama. Son cinco.

E: E boa relación con todas?

E3: Si si, todo ben, de marabilla.

E: Vale, pois agora imos falar un pouquiño das consecuencias que tivo para vostede a estancia en prisión. A nivel físico, que cambios cre que houbo?

E3: Si, de primeiro si, porque bueno o que pasa ao principio é que se tes cartos pásalo ben e se non tes, pásalo mal. Entonces, eu de primeiro como tiña algún carteco, fuino pasando ben pero cando se acabaron... Eu alí tiven moito tempo que non cobraba y entonces eu claro pasábao mal, como fumaba e así. Un día veu un funcionario e díxome que tiña unha boa noticia e eu díxenlle “bueno que é, o terceiro grao?” e el “non, traballo”, e eu “bueno e pra que é isto?”, “pa basura”. Bueno, pois non pasa nada, moi ben e díxenlle “cando empezou?” e el “hoxe mesmo, agora mesmo a mediodía”. E nisto que chega o director e dime “que, xa non estás interesado no terceiro grao non?” e dixen “agora non” e xa non quixen o terceiro grao. Eu xa estaba cansado do papeleo e dixen xa non boto nada, total pa o que me quedaba. Pois aí foi onde me deron traballo, entonces xa estaba cobrando e xa o pasaba ben.

E: Vale, e considera que dentro de prisión, perdeu vista por exemplo?

E3: Non.

E: E oído?

E3: Tampouco.

E: Olfacto e gusto?

E3: Tampouco.

E: E fortaleza, musculatura, pensa que perdeu dentro de prisión?

E3: Non non, de marabilla, bueno de marabilla dentro do que é a prisión.

E: E en canto ao seu coidado persoal e a súa hixiene, cambiou algo de fóra a dentro de prisión?

E3: Si, cambiou moito porque eu tiña un problema co alcol e entrei en prisión e desde que saín xamais toquei o alcol. Deixei definitivamente. Nunca máis toquei o alcol, eu era o problema que tiña, xa me dixeron moitas veces que a min me veu ben entrar en prisión.

E: E no descanso, no sono, durmía ben dentro de prisión?

E3: Bueno, os primeiros días si que me costaba, pero despois xa ben, xa me apañei.

E: E despertaba moitas veces de noite?

E3: Non. Pero eu cando entrei como tiña cartos, pedín unha televisión e nada, non ma deron. Primeiro, cambiáronme, como non tiña televisión onde a cama doutro que tiña televisión, pero aquilo era unha desgracia. Aquelo era droga todo o tempo e o olor aí dentro, no chabolo. A min dábase un dolor de cabeza que me rebentaba. E bueno, despois tiña problemas con el, pero foi a única cousa, despois estiveron sempre solo. Sempre, non me meteron máis ninguén. Soliño alí ca televisionciña. Mellor só, estaba moito mellor, estaba de marabilla. E aínda me dicían pa volver co outro pero a min aquela droga matábame e cando estaba solo, uu, que tan ben o pasei.

E: Pasaba moito tempo só, entón?

E3: Si. E alí todo o mundo confiaba todo o mundo en min, todos os funcionarios e os meus compañeiros.

E: E a nivel psicolóxico, como lle afectou a prisión?

E3: Ben.

E: Non cre que houbo cambios dende que entrou na prisión? Que lle afectou a nivel mental?

E3: Non, para min foi unha cousa boa deixar o alcol. Estou moi contento así, sen problema ningún.

E: En canto a súa agresividade, cre que cambiou dende antes da entrada en prisión a dentro?

E3: Non, nunca fun unha persoa agresiva.

E: E cal era o estado de ánimo máis recorrente dentro? Cal era o sentimento que máis tiña?

E3: Ben, ben. A ver sempre hai algún que se mete contigo e así pero eu pasaba de todo. Eu atendía ao meu e despois, cando saín de permiso, tiña que facer un traballo e podes escoller facer as duchas ou recoller bandexas ou o que queiras pero iso telo que facer senón non che deixan saír de permiso. Eu collín pa facer as duchas, eu limpaba dun lado e tiña outro colega meu que limpaba do outro. Como a el o traballo non lle gustaba, el pagábame uns cartiños e eu limpaba dos dous lados e de marabilla, eu atendía ao meu e ala!. Se vía que había algunha cousa eu xa chamaba ao meu secretario [*referíndose ao amigo que co mellor se levaba*] e poñíase na porta e xa vixiaba. Pouco había que limpar, o único algún porco que xa cho facía adrede pa meterse contigo, pero eu pasaba de todo.

E: E en canto a súa autonomía dentro de prisión, a súa capacidade de tomar decisións, como cre que cambiou?

E3: Eu seguía a facer o mesmo.

E: En canto as súas emocións, expresábaas dentro de prisión?

E3: Si si, co meu secretario, sempre que tiña así algunha cousa eu falaba con el. Era o único no que confiaba.

E: E co resto?

E3: Co resto nada, eu non facía caso. Pero con el si, eu contáballe a miña vida el a súa, sempre nos poñiamos nunha mesa a parte. Ou no campo de fútbol, dabamos voltas por alí e conversabamos.

E: E en canto as súas reaccións, considera que cambiou de fóra de prisión a dentro?

E3: Bueno si, había algún cambio si. De estar fóra a estar entre cuatro paredes solo alí dentro, aí si que cambiaba.

E: E en canto a súa autoestima, considera que cambiou a percepción de si mesmo?

E3: Non, non.

E: E na capacidade de control sobre a súa vida dentro de prisión?

E3: No único que dentro non pensas en nada, fóra aínda pensas en traballar e así, pero dentro nada ata que saias.

E: E a nivel relacional, como se adaptou ás normas e costumes do centro penitenciario?

E3: Bueno, custou custou, os primeiros meses custoume.

E: En que lle custou máis?

E3: Eu por exemplo que estaba afeito a tomar alcol e así e alí non hai, entón aí si que me deron unhas pastillas para relaxarme e así, que eu non as tomaba porque eu durmía ben.

E: E en canto a horarios e así, adaptouse ben?

E3: Si, adapteime ben, non me quedaba outra.

E: Canto pensa que lle levou adaptarse ao centro?

E3: Pouco pouco, bueno, 3 meses ou así. Pero pa iso, por exemplo, tomaba moito café, eso si que tomaba moito.

E: E ás normas e costumes da poboación presa, como se adaptou?

E3: Si, claro porque as normas que poñen alí hai que cumprilas pero logo me afixen tamén.

E: E en canto á confianza ou desconfianza que tiña co funcionariado...

E3: Moita confianza e eles comigo tamén.

E: E co equipo de tratamento?

E3: Si si, tamén. E tamén unha da Cruz Roxa tamén que era moi boa chavala e cada vez que podía sempre me chamaba, só pa conversar comigo.

E: E cos compañeiros?

E3: Levábame ben pero pa cousas importantes só con ese que che dixen.

E: E a nivel familiar, a relación que ten agora coas súas irmás cambiou coa entrada en prisión?

E3: Sempre a mesma porque non o souberon. Eu non dixen nada. Incluso estiveron 20 anos sen que elas souberan nada de min e ao entrar en prisión dábanme por morto tamén.

E: Algunha cousa que queira engadir dalgún cambio que notara en prisión?

E3: Non, o único que quería estar fóra pero namais.

E: E algunha dificultade que atopara despois de saír de prisión? A nivel social, laboral...

E3: Non, ben.

E: Vale, agora imos falar un pouquiño desas cousas que lle axudaron a mellorar esa situación. Dentro de prisión, que actividades, cursos, a que persoas acudía para que lle axudaran a superar a situación?

E3: Os mércores tiñamos Alcolicos Anónimos. Eu ía sempre, sempre che axudaban nalgo e sempre che axudaban nalgo. Diciannos que se algunha vez colliamos o alcol outra vez que chamáramos que eles nos daban unha axuda e así. Iso axudábame moito. E a traballadora tamén, cada semana ía e falaba con nós, tiven apoio sempre.

E: E de xente externa a prisión como, por exemplo, Aliad?

E3: Si, tamén, Fátima axudoume moito por exemplo.

E: E outra asociación?

E3: Non, Aliad foi a que me axudou con todo, cando saía de permiso e todo.

E: Considera que eses recursos como Alcolicos Anónimos eran efectivos?

E3: Si, si, axudaban moito. Bueno, había algunha vez que era mellor non ir porque era rapazada, pero despois había outro que moi ben.

E: E considera que dentro de prisión falta algunha cousa, algún recurso ou cambiaría algunha cousa?

E3: Bueno, non, alí tiñas de todo, se querías ir á escola ou á misa.

E: E do persoal ou algo?

E3: Non, eu cos funcionarios estaba moi contento e coa traballadora social e todo.

E: Finalmente, algo que queira engadir?

E3: Non.

E: Pois ata aquí, moitas gracias pola participación.

Anexo VI. Guión da Entrevista a Educadora Social

Bloque I. Datos persoais.

- Idade.
- Formación.
- Posto de traballo.
- Anos de experiencia coa poboación presa.

Bloque II. Prisionización.

Este bloque pretende indagar nas consecuencias que observaron as educadoras sociais que atenderon as persoas ex-reclusas entrevistadas. Faise unha clasificación a nivel psicolóxico/emocional, físico e relacional.

- A nivel físico, que cambios/características observou nas persoas ex-reclusas que atendeu, nos seguintes aspectos?
 - Nos sentidos corporais da vida, gusto ou olfacto.
 - No coidado persoal e hixiene.
 - Na condición física, fortaleza e musculatura.
 - Nos hábitos de alimentación.
 - Na posibilidade de descanso, conciliar o sono, etc.
- A nivel psicolóxico/emocional, que cambios/características observou nas persoas ex-reclusas que atendeu, nos seguintes aspectos?
 - Agresividade.
 - Estado anímico, ansiedade, tristeza, desamparo.
 - Autonomía, capacidade para tomar decisións e para responsabilizarse de aspectos da propia vida.
 - Expresión de emocións ou sentimentos.
 - Reaccións.
 - Autoestima.
 - Capacidade de control sobre a vida e responsabilización.
- A nivel relacional.
 - Como cre que foi a adaptación das persoas que atendeu ás normas e costumes do centro penitenciario?
 - E ás establecidas pola poboación presa?
- Dos ámbitos falados, algunha cuestión que queira engadir que non mencionamos?
- Algún destes cambios se manteñen ou se mantiveron un tempo despois de saír de prisión?

Bloque III. Acción psico-socioeducativa.

- Que aspectos se traballan desde as entidades externas? E dende esta entidade? A nivel individual e grupal coa poboación presa dentro de prisión, con que tipo de actividades? E fóra?
- As persoas presas manifestan non contar con apoio de profesionais dentro de prisión, está de acordo con estas afirmacións?
- Abórdanse estas cuestións desde os equipos de tratamento? Como?
- Cre que os recursos ofrecidos en prisión resultan efectivos? Por que?
- Que aspectos/actuacións/actividades cre que se deberían implementar en prisión para que a estancia non supuxese tantas consecuencias negativas para a poboación presa?
- Cales cre, das que xa existen, que deberían mellorar ou enfocar doutro xeito?

Finalmente: quere engadir algo ao respecto do tema?

Anexo VII. Transcripción entrevista 4

Data: 14 de maio de 2024.

Medio: telemático con gravación de audio en ordenador portátil (gravadora de son) e teléfono móbil (gravadora de voz).

Persoa entrevistada: P.F.S.

Entrevistadora: E.

Entrevistado: E4.

E: Imos a comezar a entrevista entón. Idade?

E4: 50.

E: Formación?

E4: Educación Social e Formación Ocupacional.

E: Posto de traballo actual?

E4: Educadora Social e Orientadora Laboral.

E: Anos de experiencia coa poboación presa?

E4: Coa poboación presa 5 anos.

E: Vale, agora entramos no tema da prisionización a través de tres bloques. A nivel físico, que cambios ou características observaches nestas persoas?

E4: En xeral, o que de fisionomía xa delgada, non é que cambie moito pero si que pode haber cambios en relación a que sinten que xa lles custa, por exemplo, andar. Poden recuperar algo de músculo cando saen pero con tempo, tampouco de forma inmediata. Porque dentro é como que están mermados, sobre todo os que non fan deporte.

E: E na vista, no gusto, no olfacto?

E4: Bueno, aí non che podo dicir moito pero no gusto si. Por exemplo, algúns perden o apetito porque están habituados a comer menos porque dentro dependen do economato, sobre todo ao principio. É como que o que nós consideramos como unha ración normal, eles comerían menos porque están acostumbrados a comer menos dentro. Nótase incluso que lle dan menos importancia á comida da que lle daban antes de entrar.

E: No coidado persoal e na hixiene?

E4: Na hixiene non hai moita diferenza de cando están dentro a fóra. O que é moi limpo, séguese sendo dentro porque o ves no tipo de roupa, en como ole cando entra... o ves en todo. Eu penso que é unha das cousas que menos cambia.

E: Nos hábitos de alimentación?

E4: Eu penso que si polo que dicía antes porque comen menos cantidade, cousas según eles máis grasientas ou menos saudables e nunca ao seu antollo. E cando saen queren comer outro tipo de cousas pero danse conta de que lles costa. Pero eu penso que si que cambia si.

E: E no descanso, na posibilidade de conciliar o sono...?

E4: A maioría, e esto seino polos pisos que temos [pisos da entidade para posibilitar as saídas de permiso a quen non ten familia próxima] e demais, dormen mal, despértanse, teñen insomnio algúns deles e moitos toman pastillas precisamente para dormir dentro. Si que é verdade que cando están fóra recuperan un pouco o sono pero pouco a pouco, despértanse moitas veces, teñen pesadelos... porque igual se quedan con cousas como o timbre que os desperta polas mañáns, as portas cando pechan e cando abren... esas son cousas que tardan en pasar, sobre todo os que levan moitos anos.

E: Agora pasamos a nivel psicolóxico, que cambios ou características observas neste ámbito?

E4: Pois mira os que teñen apoios familiares bastante mellor que os que están solos. Os que non teñen apoios fortes teñen sentimentos moi asociados ao illamento e a soidade. Que, de feito, moitas veces recorren as drogas por ese motivo. En xeral, os que teñen apoios normalmente saen mellor psicoloxicamente.

E: E isto tamén se nota dentro?

E4: Si, dentro tamén. De feito, quen ten apoios incluso para eles son motivos para seguir loitando e outros que quizais lle morreu un familiar moi cercano ou que non teñen parella ou que nas relacións en xeral lle saíu mal, fúndense antes e recaen con máis propensión nas drogas.

E: En canto á agresividade?

E4: Penso que a agresividade a teñen dentro por moitas frustracións o que é agresivo previamente e o que é tranquilo non cambian na maioría dos casos. O que é agresivo dentro tamén o era fóra pero dentro hai unha serie de frustracións que teñen que ver sobre todo cos dereitos que, algúns amosan máis agresividade.

E: E cal é o estado de ánimo que máis predomina nestas persoas?

E4: É unha pregunta bastante difícil de responder porque é unha mezcla de todos casi. A medida que che acerca o día de saír coa definitiva teñen todos un nerviosismo común, non dormen... e cando saen alegría expresada de diferentes maneiras.

E: E dentro?

E4: Dentro repiten un pouco o que son fóra, se é máis apagadiño sigue sendo apagado e o que é máis aberto porque sigue sendo máis aberto. Non é que sexa moi distinto tampouco. Pero si que sinten moita rabia e frustración en xeral.

E: E cambios na súa autonomía?

E4: Si, moitos. O feito de non poder erguerse á hora que queren, deitarse á hora que queren, comer á hora que lles apeteza, fumar onde eles queren, ir ao baño rodeado de máis xente... que tamén é bastante frustrante. Non poder ter un espazo de intimidade e illamento sen ser un espazo pechado e de castigo. Si que desenvolven bastante frustración pola falta de autonomía dentro.

E: Son persoas que normalmente expresan as súas emocións e sentimentos?

E4: Si que suelen, demasiados demasiado.

E: E cres que algo en xeral ou só en vós por esa confianza da que falan?

E4: Pois un pouco porque confían pero tamén porque teñen un sentimento de soidade moi grande e, ás veces, aínda que non confíen necesitan falar con alguén.

E: Como cres que son as reaccións destas persoas dentro de prisión?

E4: Magnifícanse bastante, cousiñas que fóra ao mellor pasarían con un "déixame en paz", dentro poden xerar actitudes máis agresivas. Toleran menos que fóra, sobre todo nas cousas que se lles din.

E: E en canto a súa autoestima?

E4: Hai un porcentaxe grande que a teñen bastante baixiña, pero outros... non a teñen tan baixiña. E eso, como todo, tamén ten que ver co que ven de fóra. Xeralmente, os que consumen suelen ter autoestimas máis baixiñas e os que non consumen son aqueles que din "aquí estoy yo".

E: E en canto á capacidade de control sobre a súa vida?

E4: Vese bastante, non son capaces de tomar certas responsabilidades e fóra necesitan máis acompañamento aínda que eles poidan, precisan como dunha guía, polo menos os primeiros meses.

E: A nivel relacional, como cres que é a súa adaptación ás normas e costumes do centro penitenciario?

E4: Cóstalles adaptarse.

E: E ás normas e costumes da poboación presa?

E4: Mellor, cóstalles máis adaptarse ás do centro. Entre eles pronto se adaptan ás normas e ata onde poden ir e os límites. Poñen máis límites entre eles que de cara a fóra.

E: Algunha cuestión ou algo específico que queiras comentar ademais dos que xa comentamos?

E4: Que cambian respecto a abrirse. Dentro sempre están como máis pechados e fóra parece que comezan a abrirse un pouco.

E: E por que cres que pode ser isto?

E4: Porque dentro aprendeu a vivir doutra maneira. Dentro aprendeu a convivir, a relacionarse con outros que non quere relacionarse, a amoldarse digamos. E fóra é diferente e outro mundo e outras normas e ten que “desamoldarse”.

E: Pasamos ao último bloque, a acción psico-socioeducativa. Que aspectos se traballan dende as entidades externas coa poboación presa?

E4: Eu creo que o que máis se trata é a adición ás drogas tamén con cursos de prevención.

E: E individualmente?

E4: Individualmente ademais de traballar coa adición ás drogas tamén se traballan moitas cousas máis: estilos de comunicación, de prevención de recaídas, dereitos humanos, dereitos sociais, recursos co que hai fóra e tamén co que teñen dentro que ás veces non o saben, recursos educativos que poden atopar dentro por exemplo ou algúns dos que poden beneficiarse despois fóra.

E: E fóra?

E4: Fóra xa se conecta máis co mundo externo polo tanto as actividades xa non son tan centradas dende dentro senón que se abren un pouco ao que hai fóra. Cursos de formación, actividades ao aire libre que poida haber. Xa non se traballa tanto a nivel de interno, senón que se abre un pouco ao que hai fóra.

E: E nesa preparación para a liberdade que facedes con eles de xeito individual, que temas tratades especificamente?

E4: Pois, por exemplo, que entenden por calidade de vida, aspectos familiares, que apoios teñen tanto familiares como amizades..., que entenden por ter unha parella, que valores teñen, a que se lle da prioridade, trabállase moito no emprego tamén, a que poden dedicarse, a que se queren adicar e saber que formación e que actitudes e aptitudes teñen para ese traballo.

E: As persoas presas manifestan non contar con apoio de profesionais dentro de prisión, estás de acordo con estas afirmacións?

E4: Si, porque o din moito.

E: E que cres que supón para eles non ter eses profesionais de apoio dentro?

E4: Eu creo que xera moita frustración, soidade se dentro non atopan a ninguén con quen falar e o queren atopar en profesionais... Unha cousa que nos din moito é que non saben os seus dereitos, por exemplo.

E: Cres, entón, que os recursos ofrecidos en prisión resultan efectivos?

E4: Non porque non cumpre o obxectivo para todos. E non creo que teña que haber presos de primeira, de segunda e de terceira. Creo que todos os recursos deberían estar abertos a todos independentemente do módulo no que estean. Non pode ser que eu por estar nun

módulo de respecto teña acceso a un ximnasio e por estar no módulo máis conflitivo non o teña, cando ao mellor o necesito máis que o que está no módulo de respecto. A biblioteca tamén ten acceso limitado cando debería estar aberta para todos. Hai moita diferenciación de trato en canto aos recursos, non tanto os profesionais. O profesional non creo que trate distinto dependendo onde estea, pero si os recursos que hai, o acceso. Por exemplo, hai unha FP de segundo se non tes a ESO xa non a podes facer, só podes facer unha educación básica que pouco máis fan que ler e escribir pero non poden facer algo que lle axude co traballo fóra se non tes a ESO e hai moita xente que entra sen estudos.

E: Respecto a isto, que aspectos, que actuación, que actividades cres que se deberían implementar en prisión para que a estancia non supuxese tantas consecuencias negativas?

E4: Eu plantexaría facer deporte sobre todo de forma libre a todo o que quixera porque para eles é unha forma de desestresarse, de estar ben fisicamente, de estar ben psicolxicamente... acceso a actividades deportivas pero con monitores non soamente de máquinas, monitores deportivos que traballasen corpo e mente.

E: E das que xa existen, algunhas que mellorarías ou que enfocaría doutro xeito?

E4: A biblioteca que teñen libros da carracuca, a videoteca que ven películas case en branco e negro, en realidade reformaría todo de cabo a rabo porque están nun illamento tan grande que nin se actualiza nada. Está moi mal eso.

E: E en canto á organización da prisión en si?

E4: Quizais o aire de superioridade que se denota nalgúns funcionarios, porque non hai que confundir a superioridade coas malas palabras, coas malas formas... iso o cambiaría todo. En xeral, o que creo que ten que cambiar é o trato.

E: Finalmente, algo que queiras engadir?

E4: Non, nada. Contenta porque a un rapaz que levamos moito tempo con el déronlle a incapacidade laboral por fin que dadas as súas características era necesario. E foi un proceso moi longo e no que tamén hai que pensar, nos recursos fóra.

E: Pois ata aquí, moitísimas grazas pola participación.

Anexo VIII. Decálogo da Educación Social en prisión

Táboa 5

Decálogo da Educación Social en prisión

Se queres exercer como profesional da Educación Social na prisión...	Observacións
Sae do despacho	Toda a acción socioeducativa ten que vir dada dende a práctica e a acción, dende o patio, os módulos e as dependencias penais, non dende un despacho onde non se pode dar un encontro habitual e continuo coas persoas internas.
Non identifiques as túas funcións profesionais coa vida en xeral da persoa presa	É esencial non realizar unha lista de funcións demasiado xerais, inalcanzables ou superpostas cas do resto de persoal (pero si realizar unha listaxe), xa que estas poden facer que a persoa profesional da Educación Social se considere innecesaria por entender que as súas tarefas as pode facer outra persoa.
Apoia a existencia dunha lista concreta de funcións profesionais	Aínda que, nalgunhas circunstancias, a realización dunha listaxe de tarefas resulte cuestionable pola alegación de que o noso traballo vai máis alá dunha lista; é fundamental entendelas dende unha perspectiva individualizada onde cada suxeito se adentra nun contexto específico que tamén necesita dunhas funcións delimitadas que permitan xustificar a nosa presenza nos centros penais.
Non confundas a humanización da prisión coa acción educativa social	Neste contexto de loita para a inserción de profesionais da Educación Social é necesario entender que a humanización da prisión intenta, dalgún xeito, eliminar a nosa función reducindo esa mellora ás condicións materiais da prisión, esquecéndonos da acción socioeducativa.
Non defendas o dereito da persoa presa a non facer nada, defende o dereito a adquirir a condición de axente de si mesma a través da actividade e a participación	Gil (2016) indica que a pasividade, a quietude, a inactividade... despertan aos suxeitos converténdoo en vontades susceptibles de manipulación, polo que, é de razón propoñer actividades de ocupación esixentes que favorezan o cambio persoal e social de valores e actitudes, provocando así unha diminución da consecuencia da desresponsabilización.
Non colabores na “medicalización” (p. 62) da delincuencia	A tendencia a “medicalizar” a acción delitiva elimina a vontade de cambio de vida do suxeito e, polo tanto, exclúe a profesión da Educación Social do ámbito.
Fíxate máis nas posibilidades concretas de cambio das persoas internas que nos conceptos teóricos invasivos	Como se observaba na mostra, a realidade é moi diversa e, aínda tendo unha base teórica, é importante entender a acción socioeducativa dende a aplicación práctica.
Cultiva máis esperanza que a ciencia	Este aspecto é fundamental para loitar pola acción socioeducativa nas prisións, sen parar de crer no cambio educativo como un avance para a poboación presa e, polo tanto, para a sociedade.

Nota: elaboración propia a partir de Gil (2016).